

Premios da
Crítica
Galicia 2016



Páxina 11

Premiada a
biblioteca
de Sober



Páxina 14

Congreso de
San Martiño
en Ourense



Páxina 20

Plan director
para
Montederramo



Páxina 22

Xornadas
sobre
Memoria
Histórica



Páxina 33

Xantar en Viana do Castelo



Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, representado polo seu director, Alejandro Rubín, participou na segunda edición da "Mostra 100% Alto Minho" que se celebrou no Centro Cultural de Viana do Castelo. O director de Xantar estivo acompañado polo presidente Confederación Empresarial do Alto Minho (CEVAL), José Luis da Rocha, e a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM) e presidente da Cámara Municipal de Viana do Castelo, José María Costa. Expourense participou como convidado especial na Mostra, feira promovida pola Entidade de Turismo Porto e Norte, o principal socio de Expourense no Norte de Portugal. Ten como obxectivo promover recursos endóxeos do Alto Minho. Están presentes máis de 30 expositores do distrito de Viana do Castelo de sectores relacionados cos afumados (o xurelo afumado é unha das grandes apostas desta cita), os viños e a repostería. A rexión de

Alto Minho comprende dez municipios: Viana do Castelo, Ponte de Lima, Arcos de Valdevez, Ponte da Barca, Melgaço, Monção, Paredes de Coura, Valença, Vila Nova de Cerveira e Caminha. Esta Mostra comparte obxectivos con Xantar para promocionar a calidade e autenticidade dos recursos autóctonos para que fomenten o turismo de proximidade entre Galicia e o Norte de Portugal. A presenza de Expourense serviu para reforzar a cooperación transfronteiriça existente entre Expourense e a Entidade de Turismo Porto e Norte, unha alianza que está a dar bos resultados como se puido ver na edición de Xantar de 2015, durante a que esta rexión foi unha das protagonistas desta cita cunha presenza importante de expositores e visitantes desta rexión. Municipios da rexión do Alto Minho como Viana do Castelo e Ponte de Lima xogan sempre un papel destacado na cita galega.

NAVIA CENTER

Teixugueiras, 25 NAVIA - VIGO Tel. 986 246 067
naviacenter@gmail.com

BOINSCON CENTER

Concha Brey, 4 PONTEAREAS Tel. 986 640 067
tienda@boinscon.com



MASTER

CADENA

ABIERTO TAMBIÉN SÁBADO TARDE

ELECTRODOMÉSTICOS - AIRE ACONDICIONADO - INFORMÁTICA - RELEFONÍA

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Os límites da política institucional

O grande Jabois ven de entrevistar ao alcalde compostelán, Martiño Noriega, quen se amosou moi dubidoso a respecto de si o cambio social pode vir pola vía institucional. Velaí un tema fulcral, que latexa sempre nos procesos de cambio e que adoita ficar á marxe das reflexións dos seus actores políticos. Dicía Anxo Quintana no 2006 “chegamos ao Goberno, non chegamos ao Poder” e esa análise non mereceu reflexións posteriores nin na súa propia forza política. É posíbel o cambio real dende a política institucional? As Institucións viron bastante restrinxidas as súas marxes de manobra nos últimos anos. Velaí o caso dos concellos. Coas reformas á gobernanza local impostas manu militari pola maioría absoluta de Rajoy, resúltalle moi difícil a calquera goberno local remunicipalizar un servizo público ou medrar en persoal. É dicir, resúltalle moi difícil rachar o círculo vicioso da privatización dos servizos públicos e da redución salarial ao persoal que posibilita eses servizos. Os gobernos locais progresistas resultan obrigados a xestionar con moi poucos recursos e son medidos polos parámetros da eficiencia propios das forzas conservadoras e opostas ao cambio. Os gobernos progresistas son os primeiros

que han xestionar a xeito, porque se non o fan van perder o apoio, en primeiro lugar, dos sectores máis afectos ao cambio. Mais non sería xusto deixar de sinalar o paradoxo de xestionar a pobreza de recursos dacordo cun marco lexislativo imposto precisamente para evitar unha gobernanza local tendente á mellora dos servizos públicos.

No nivel autonómico son patentes tamén estas limitacións. A recente morte dunha persoa en Reus (Catalunya) por mor dun lume causado polas velas que tiña que usar para se iluminar logo de sufrir o curte da luz por falla de pagamento, fixo lembrar como o Tribunal Constitucional impediu a aplicación da lexislación catalá sobre pobreza enerxética. Outro brutal paradoxo que limita substancialmente o autogoberno como solución aos problemas vitais da xente.

Un programa de cambio non pode alicerzarse só no institucional. As súas bases sociais haberían entender as limitacións da política institucional para evitar as tan comúns decepcións cos gobernos do cambio. E os seus líderes manter sempre viva a relación coa sociedade civil para evitar ese illamento tan común nos actores políticos do cambio.

Castro na historia



O réxime castrista (certamente unha ditadura) non pode ser comparado, nin na súa xénese nin na súa evolución, cos réximes represivos de Pinochet, Videla ou Franco, que xurden de cadanseus golpes militares contra a legalidade constitucional. Nin tampouco coa revolución bolxevique de Lenin, que constituiu un golpe violento dunha minoría contra o goberno constitucional ruso. Calquera destes réximes baseouse nunha represión sanguiñenta, no que os mortos se contan por dúcias de millares (mesmo por millóns no caso soviético), xa que o que se pretende é a aniquilación dos cadros políticos do adversario. Ninguén pode negar que no castrismo non houbera represión nin presos políticos, mais os niveis represivos non admiten comparanza ningunha.

Porén, se Castro entrou na historia foi polo xorne popular e interclasista da súa revolución, desenvolvida fronte a ditadura sanguiñenta de Batista, só apoiada pola mafia do xogo e polos terratenentes do azucre. O movemento dos barbudos, como a Fronte Sandinista na Nicaragua do 1979 foi quén de xuntar unha potente coalición de clases medias e populares e elementos intelectuais fronte un ditador odiado que só resiste pola violencia.

Ben é verdade que Castro prometera no 1959 unhas eleccións libres que nunca convocou, coa xustificación da invasión norteamericana de Playa Girón no 1961. Esta agresión norteamericana obrigáalle ao réxime castrista a xogar a tope a carta da URSS como aliado. Castro, entón, enfrontou a tarefa de construír o seu modelo colectivista e esqueceu o pluralismo.

No 1959 Cuba era un país con certo grao de desenvolvemento que excluía na miseria a un terzo da poboación e onde os analfabetos contábanse por millóns. A revolución castrista acadou uns niveis sanitarios e educativos propios de Occidente, malia o bloqueo sufrido, nomeadamente intenso dende 1990 por mor da caída da URSS. E, malia os efectos deste bloqueo, acadou que as clases populares disfrutasen, no conxunto destes 57 anos, dun nivel de vida superior ao destes estratos sociais no resto do Caribe e Mesoamérica. O bloqueo USA blindou toda evolución posíbel do castrismo. Agora o arquivamento da apertura de Obama polo novo presidente Trump pode frustrar unha eventual evolución democrática, desexada tamén por millóns de cubanos que hoxe choran a Castro.

Xa non digo todos os xornalistas, senón os medios de comunicación, que deberan recuperar o dereito que nos asiste a unha información libre e vinculada a ese selo clarificador da veracidade contrastada, da calidade. Sei que moitos deles sofren a censura peor, a autocensura. Pero hai que superar dunha vez os medos

e recuperar a capacidade creativa, orixinal e de sedución. Quixeramos que diante das nosas olladas aparecesen rigor e transparencia, como aporte a un mundo mellor e máis limpo, lonxe das manipulacións que xa desde os titulares ofenden a intelixencia e coutan as gañas de seguir. Non esquezan o “código ético” que debe privar, mollándose na información en vez de referendar neutralidades. Cómpre, xa que logo, abondar no servizo aos que acudimos con ansias de beber da boa fonte e, por riba, pagamos. Ten que ser por riba de mediocridades e compravenda de silencios, por riba de intereses partidarios, de oportu-

tunismos colaterais. Cómpre advertir a súa responsabilidade profesional que, hoxe, non se sente nin se ve. Non deben esquecer que manter a ética profesional supón ennobrecerse nunha causa humana, xunto coa estética do entendemento, garantindo a liberdade de emisor e receptor, a pluralidade pensante. Pero é que chegamos a tal altura de desconfianza e mentira que, por medos, estamos nun sistema podrecido de información e de comunicación, que mesmo dá noxo, salvo rarísimas excepción dignas de todo respecto. Os informadores non deben abusar, e menos os donos

Autocensura

dos medios, da nosa inócete confianza. Véselles o plumero. Deben vixiar este sistema menos malo, sen descoidar as trampas ás que nos somete, sen ocultalas, sen silencialas. Aí está a verdade informativa que non vemos, da que non se sabe, que vén edulcorada con matices supresores da súa responsabilidade, cando os que mandan, ao mesmo tempo, subvencionan. Deben recutar a cordura informativa. Non se poden deixar levar polos medos, deben ir á marxe dos partidos políticos, ser libres para dicir e para opinar, para criticar, para descubrir, para informar, a

risco de caer na verdade. Deben saír da fácil difamación, das neutralidades, das cortinas de fume que ocultan as verdadeira noticias e as súas verdadeiras intencións, solapamentos. Deixarse de adular figuras doutros poderes, e saír así deste ridículo de favores mutuos, dos postureos, do dano ás terceiras persoas con infundidos malignos. A autocensura é unha constante perigosísima para toda a sociedade, sucedáneo da mentira que nega a liberdade de expresión e o dereito sublime de ser debidamente informados coa verdade. Pero sobre todo é mala para a credibilidade. Lonxe dos séseos, dos melodramas, dos golpes

traumáticos, dos moldes moralistas da boa, pero torta, educación. Temos que saír da dúbida inocente, das probas inconsistentes, dos ritos simpáticos que restan a emoción da certeza, que tanta falta nos fai. Non deben apuntar con esa máquina que dispara e condiciona o futuro, non deben facernos a consideración de números de cálculo. Somos moi vulnerables podemos deixar de crelos definitivamente. Sería un drama prescindir da nobre causa humana de entendernos, na confianza de mirarnos aos ollos e sen facernos vítimas das intoxicacións fraudulentas e do acoso á nosa independencia e liberdade.



Baldomero Iglesias Dobarrío

Mero

Por: Pere-Albert Barrufet i Lahuerta

Embora que você por terceira vegada acada a Xunta de Galiza, antergo e grorioso Reino, que você degradou a comunidade do estado espanhol, após do paso da Canda - na bisbarra de Seabra -, querolhe dicir e dar-lhe a mais fervente noraboa pola sua reiterada e teimada "catalanofobia", a cal se tem uma virtude é a de fazer medrar na Catalunha, cada dia em mais mulheres e homes o sentimento a prol da INDEPENDÊNCIA. Polo tanto senhor Feijoo, presidente electo da descafeinada autonomia galega, e do seu partido popular, da mais

anacrónica espanholidade imperial, permítame que lhe dea o mais sinxelo MUITO OBRIGADO. Polo traballo gratuito que fai a prol de nós os independentistas, que o recente nomeado Enric Millo - un alcumado transfuga do PPC -, nom vai poder aturar, malia o poder doi estado que representa em Barcelona.

Eu que son un voluntario perfilhado da Galiza boa e xenerosa, a mesma que quero con toda a ialma de irmandinho transversal, que admira

e sente laica devoción por persoeiros, como : Pardo de Cela, Pero Madruga, Alfredo Branhas, Rosalia de Castro, Daniel R. Castelao, Alexandre Bóveda, Ramón Otero Pedraio, Vicente Risco, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Neiras Vila, Manuel María, Carvalho Calero, Pilar García Negro, Valentín Paz-Andrade, Isaac Díaz Pardo, Xosé Manuel Beiras, Anxo Quintana, Xavier Vence, Camilo Nogueira, Suso de Toro, Manuel Rivas, e de todas as milheiras e anónimas

mulheres galegas, que co seu valor, traballo e caraxe feminino no urbano e rural, foron e sonche hoxendia o berce natural da "mátria", e da dignidade e da galegitude. A mesma que você cal servil criado do amo de Madrid, renega e persigue con xenreira inusitada. Até o ponto que hai quem con razón di que vai pasar a história co malnome de Feijoo o "galegocida". O mesmo que se enche a boca de verbas valeiras e promesas institucionais, que logo

nom cumpre, para porfia e desgraza da Galiza popular, labrega e marinha, sem presente nim futuro na terra, sem xuventude nim pulo para rexurdir da sua secular crisis nacional, condeada a percorrer os velhos caminhos da emigración, etc.

Sem pretensões de profeta, sei que Galiza, futura república na GALEUSCA que vai desbotar a comunidade que você representa, vai-se erguer e protestar, como tantas e tantas vegadas fixo ao longo da sua ocultada como manipulada história ...

VIVA GALIZA CEIVE !

A minha mais fervente noraboa senhor Feijoo

Tomado de Lamarea.com

Como entendemos que esta información non chega aos lectores que deberá, permítanme que llela ofrezca. O propio autor así nolo solicita para facerse máis visible entre os lectores.

O caso Inda, un xornalista e tertuliano ao que os xuices condearon por non pagar a manutención dos seus fillos, e a maneira en como reaccionou, ao saír o tema o moderador de La Sexta Noche, Iñaki López, merecen una reflexión.

Como se recordará, trala publicación da sentenza polo diario Público o pasado día tres de decembro, o tertuliano e director de *Okdiario* participou ese mesmo día, como convidado habitual, no programa televisivo La Sexta Noche.

Ainda que a noticia da sentenza fora o tema estrela das redes sociais durante todo o día, os responsables xornalísticos do programa, incluído o moderador, non se prantexaron sacar o asunto. Unha información é *trending topic* todo o día, pola noite non é protagonista no plató e non se prantexan sacar o tema. Curioso. Non só iso, cando unha das tertulianas do programa, a deputada de Podemos,

Carolina Bescansa, a propósito das declaracións do alcalde de Alcorcón, saca a información ao plató, Iñaki López intenta parala co argumento de que se trata dun asunto personal que non procede abordar na tertu-

Inda e o mónstruo

“O problema é que creamos un monstuo que nin é xornalismo nin existe órgano institucional nin cidadán ao que teña que dar explicacións”, Pascual Serrano

lia, a pesares de que Carolina Bescansa insistirá de que é un tema relacionado coa violencia de xénero e por tanto de gran transcendencia.

Supoñamos por un mo-

debate centrariase en se debería dimitir ou non. Si entendemos que iso é un asunto privado tamén podería asasinar ao seu cuñado ou violar a una vecina e teríamos que ig-

mesmo criterio de medición. Un xornalista é un profesional que lle pregunta a una figura que se considera de interés público para que ésta opine sobre o que o xornalista

danlle lexitimidade co aval do seu propio exemplo e traxectoria. Se organizamos debates nos que uns (os políticos) deben dar explicacións e recibir críticas (o que está moi

dar leccións morais aos políticos. Polo visto até se poden permitir non pagar a pensión dos seus fillos e seguen dando leccións de ética. E por enriba algún medios bloquean, ou intentan bloquear, a discusión referente a esa lexitimidade. Cecaís porque o que vai estar sobre a mesa de seguido é o criterio profesional para incluír na súa nómina de tertulianos que din denunciar a corrupción política a xornalistas sentenciados por mentir e por non manter aos seus fillos.

A Constitución Española (artículo 120) obriga aos xuices a facer públicas todas as sentencias e agora resulta que non está ben que os xornalistas as difundan se o afectado é un xornalista tertuliano. Até a directora de *Público* ten que dar explicacións de por que publicou a sentenza contra Eduardo Inda.

O xornalismo foi presentado coma O **CUARTO PODER**, é dicir o que ía controlar aos outros tres (executivo, lexislativo e xudicial). O problema foi que creamos un mónstruo que nin é xornalismo nin existe órgano institucional nin cidadán ao que teña que dar explicacións. Un mónstruo que, de todos os poderes, curiosamente, é o menos democrático e o que máis depende do diñeiro. Até pode mentir se así lle convén.



■ Carolina Bescansa e Eduardo Inda, no plató de La Sexta Noche.

mento que o implicado fora un político. Alguén se imaxina aos medios intentando impedir o debate argumentando que se trata dun asunto privado? Se un ministro fose condeado por non pagar a pensión de manutención dos seus fillos e o seu soldo embargado, ningún entendería que se trataba dun asunto privado e que non deberá debatirse. Ainda máis, o

nóralo porque forma parte da súa vida privada.


Sen embargo cando se trata dun xornalista intentase protexelo. Non esquezamos que se trata dun xornalista que non actúa como tal. Fai xa moito tempo que os xornalistas non fan labor de xornalistas; eles opinan ao mesmo nivel que o resto dos tertulianos convidados, Polo tanto, deberían estar baixo o

lle requira.

Julio Anguita precisouno nun dos debates. Trala súa opinión, un xornalista deu a súa engadindo “é para que quede clara a miña posición sobre este aspecto”. Ao que o político comunista respostou: “Si, pero o importante é a miña, o que importa é a opinión do entrevistado”. Nun debate político, as persoas que discuten expoñen as súas críticas e

ben) e outros (os tertulianos/xornalistas) poden opinar, argumentar, rebater e contrargumentar, pero non están obrigados a dar explicacións da súa traxectoria non estamos xogando limpo.

Cada vez é máis frecuente atopar nas nosas televisións liortas políticas nas que xornalistas, aos que non se lle esixe ningunha lexitimidade ética nin honestidade, se permiten



NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO



[PARABÉNS]

Por Isidoro Gracia

Tralo expolio do fondo de reserva da Seguridade Social para programas absolutamente alleos ao seu obxectivo, Rajoy fixa como prioridade do goberno as pensións. Explicación teórica en termos de parábola. Había unha vez un país moi próximo e bastante desenvolvido no que, ao dispoñer de moi bos enxeñeiros e técnicos, mediante avances técnicos e innovación foron substituíndo, aos poucos, os 20 millóns de traballadores por robots e os seus operadores. Primeiro só foron necesarios 17 millóns de operarios, despois 15, ou 10, e para rematar lograron un sis-



Reflexión: A inviabilidade das pensións e outros contos de Calleja

tema de produción tan eficiente que eran suficientes uns poucos miles de supervisores e mantenedores do sistema para que a riqueza producida, non só non diminuíse, senón que crecese mediana e razoablemente ano a ano.

O país atopábase entre aqueles que tiñan un sistema de distribución da riqueza producida bastante xusto, e iso permitía que a maior parte da poboación tivese unha razoable saúde, acceso á educación e á cultura e ata que aqueles que non se atopaban en activo, pola súa idade ou condición física ou mental, gozasen do froito do producido.

É dicir que o importante non era, non é, por cantos prodúcese a riqueza, senón canta conséguese entre todos e como se reparte.

Explicación absolutamente práctica e sobre exemplos concretos, con datos oficiais do goberno, a Seguridade Social e o Banco de España.

O goberno de Zapatero comezou, en 2004, cunha España cuxa produción de riqueza anual (PIB) cifrábase en 861.000 miles de millóns de € e unha débeda de 400.000 Millóns de €, e terminou o seu mandato en 2010 cun PIB de 1.081.000, e unha débeda (logo da revisión por goberno Rajoy) de 568.000 millóns de €. Na práctica a mesma cifra de produción de riqueza obtida en 2015, con goberno de Rajoy, pero elevouse a débeda ata 1.106.000 millóns de €. É dicir en riqueza anual producida estamos igual, aínda cando o dobre de endebedados.

Poderíamos pensar que foi o gasto en benestar no que España foi xenerosa en exceso, polo que habemos tido que endebedarnos tanto, pero as cifras oficiais non contan iso. O gasto en % de PIB era en 2010: Educación 5%, Sanidade 6,7 %, Pensións 10,1 %, (total 21,8%). En 2015 os datos son: Educación 4,3% Sanidade 6,3 % Pensións 10,6 % (total 21,2 %), co engadido que o crecemento das pensións non só non xerou débeda, xa que se financiou íntegramente co peto das pensións, que en 2010 aínda crecía mes a mes, senón que ademais con ese peto financiouse: política monetaria (comprando débeda soberana a baixo xuro), de emprego (desgravando cotizacións sociais, con cotas de 50 € ou 100

€ mes, cando a mínima estaba en 264 € e a media en 430 €), e ata de natalidade (complemento de pensión ás nais), aínda cando esta última medida é claramente unha decisión de mera imaxe en datas previas a eleccións.

Vexamos pois en que vaise a riqueza. O Banco de España cifrou as axudas públicas á banca en 61.366 millóns de €, aínda cando Bruxelas sobe a cifra das axudas de Estado ata preto de 100.000, ao sumar avais e outros elementos. Recuperouse o 5,2 %, é dicir, sendo prudente, ata a data cada ano a repercusión foi do 1,1 % do PIB. E si temos que crer aos Orzamentos Xerais do Estado os xuros da débeda ao seu cargo pasaron da contorna do 2% a case o 3,5 % do PIB, como a débeda no seu

maior parte está en mans da banca,, pódese asegurar que directamente vía axudas ou indirectamente vía pago de xuros de débeda os españois bombeamos desde 2010 máis dun 2,5% adicional da nosa riqueza producida á banca. Para comparar, no seu conxunto a banca recibe ano a ano máis do que destina a educación. Non contamos que entre todos, vía Banco Central Europeo, prestamos o diñeiro ao cero por cento aos mesmos bancos que nolo prestan a particulares e empresas a uns xenerosos 8 ou 9%, si somos bos clientes, ou ao 20 % si usamos o crédito vía tarxeta.

Queda demostrada pois a moraleja da parábola, crecer ao 3 ó ao 5% está ben, facelo ocupando a 20 millóns de activos mellor que só a 17 millóns, pero o importante non é por cantos prodúcese a riqueza, senón canta conséguese entre todos e como se reparte.

Por: Xosé González Martínez

Presidente do Foro E. Peinador.

Hai cincuenta e cinco anos unha acción audaz protagonizada polo Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL) secuestrara o paquebote "Santa María", con oitocentas persoas a bordo entre pasaxe e tripulación, entre os que había moitos galegos. Os medios de comunicación agocharan as intencións políticas do secuestro, para chamar a atención da opinión pública mundial e condenar as dictaduras de Franco e Salazar, en España e Portugal.

Pouco se sabía da organización autora daquel secuestro, e moito menos dos nomes dos seus dirixentes. Mais axiña comezaron a chegar novas que os ían desvelando. O exmilitar portugués Henrique Galvao era un deles; e dous galegos, un de Vilaxoán, José Fernández "Comandante Sotomayor", e outro de Celanova, Xosé Velo Mos-



quera, "Xunqueira de Ambia".

Moito se ten escrito sobre aquel acontecemento revolucionario. José Fernández na década dos setenta publicou un libro titulado "Yo secuestre el Santa María". Pero foi Miguel Urbano Tabares Rodrigues, un xornalista portugués que formaba parte do DRIL, e que co paso do tempo, despois da Revolución do 25 de abril, sería director de O Diario e deputado do Partido Comunista Portugués, quen o desmintiría, certificando que: "o verdadeiro comandante, o autor dos plans, o executor dos plans, o executor real do secuestro do Santa María rebautizado por nós "Santa Liberdade" foi Xunqueira de Ambia, Pepe Velo".

Eu tiven ocasión de visioñar un pequeno documental gravado por Luís Noia, que viaxaba no barco, e a quen Pepe Velo lle permitiu filmar a reunión que os tres dirixentes mantiveron co comandante da frota americana no Atlántico; a película estivo custodiada durante moitos anos polo

seu autor, ata que en 1983 lle propuxen ao Centro Rexional da TVE en Galicia facer un programa especial dedicado a divulgar as intencións da odisea e a Pepe Velo. Faro de Vigo sumárase coa publicación



dun suplemento cultural. A biografía de Pepe Velo, malia a súa curta vida (1916-1972) é densísima. Comezou a militar aos dezasete anos na Federación das Mocidades Galeguistas en Celanova. En 1940 trasladouse a Vigo onde abriu unha academia de ensino que simultaneou cunha militancia na resistencia an-

tifranquista ata a súa caída catro anos despois, sufrindo torturas e cárcere. Aproveitando a concesión da liberdade condicional fuxiu e buscou agocho durante un ano en Celanova, para logo, despois de gran-

algo bo fixen entre o moitísimo que non fixen e o moito que puideron ter feito. Nas miñas enxoitas carnes sentín e sentín fondo, podedes crermo, aquilo que aprendera nos anos mozos, mellor dito, na mocidade semeada de inxedanzas resumidas no amor ao meu pobo e dedicación ás súas xentes".

Sempre tiven moitísima admiración e respecto por Pepe Velo, que, por certo, fora moi amigo de meu pai, pola súa entrega á causa galega e á liberación dos pobos oprimidos. Dúas reflexións súas estiveron sempre no meu maxín: "O que menos importa é o pasado glorioso se non serve para outra cousa que conmemoralo; ese pasado pode adormecernos e arruinar para sempre o noso ser. Non esquezaes que se nós conmemoramos aos nosos ancestros, os nosos fillos teñen dereito a conmemorar tamén, é nosa a obriga de axudar a facer memorables estes días do noso camiñar pola vida".

Gardo con devoción as fotocopias da súa obra iné-

ditada, literaria e de pensamento, e as "ordes do día" do DRIL publicadas durante o secuestro que hai ben anos me entregou o seu fillo Víctor Velo, que o acompañara no "Santa María".

A moitos coetáneos seus chamáballes a atención que en cincuenta e seis anos de vida puidese ter unha biografía tan densa. Abriu camiños que outros transitaron despois, superando o pesimismo da razón co optimismo da vontade que explicitou poeticamente nestes versos: "Pois que me preguntás, xa sabes/ de onde me vén o folgo/para cantar a miña esperanza:/ Da visión do futuro/que anque sempre chega/endexamais se alcanza".

A Fundación L. Peña Novo coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística quere perpetuar a memoria de Pepe Velo na paisaxe urbá de Vigo descubrinto unha placa conmemorativa en lembranza da súa inmorredoiro memoria o próximo día 2, ás 16:30 horas, na Rúa López Mora, no edificio coñecido polas "casas de Pernas" nas Travesas.

Opinión

Por: Roberto Carlos Mirás

En tódolos pobos mariñeiros se contan historias de buques fantasma que aparecen en distintos momentos da noite. Son historias que se mesclan entre a fantasía e a ilusión, entre o conto e a novela en algúns casos reais e noutros irrealis. O que pasa actualmente na política semella senón algo igual polo menos similar. O capitán do barco pensa que todo ten solución pero para elo hai que deixar que o tempo pase. E de novo virán eses resultados dunha maneira ou doutra. Pero como pode ser que un partido político leve catro anos no Goberno e non fixo absolutamente nada do que prometeu?, como pode ser? Onde están os asesores que até o momento contou o mesmo? Cada día sae un libro contando unha historia distinta a anterior, falando dun personaxe ou figura que dixo algo nun momento preciso. O periodista Graciano Palomo daba a coñecer no seu último libro a figura de Pedro Arriola baixo o título de "Pedro Arriola o bruxo. A historia secreta do home que

levou a victoria a Aznar e a Rajoy" publicado na Esfera dos libros cun prólogo de Raúl del Pozo. Os partidos políticos teñen moito persoal traballando para eles e un dos máis importantes son estas persoas que asesoran nos distintos campos en torno a súa figura se cerne unha leyenda entre a historia e a ficción. Nestes días o Xornalista coruñés Nacho Carretero presentaba en Galicia o seu traballo co título de "Fariña. Historia e indiscrecións do narcotráfico en Galicia" (Libros del K.O.) Ao comezar a leer o mesmo non se pode meter a todas as persoas no mesmo saco agora seguindo o seu hilo conductor decatámonos de que o que pasa actualmente non é algo novo. Conta Carretero detalles e encontros que todos lemos na Gran Prensa Galega e todos coñecíamos pero o autor investiga, fala e asesora nas fontes que son a base fundamental de esta Obra. Personaxes e personaxes

A picaresca

jillos que tiveron moito que ver na Galicia do mar, en esa Galicia da que se fala, pero que quizaves ninguén entende. Desá fotografía que mostraba a un Núñez Feijóo actual Presidente da Xunta un día soleado no yate de Marcial Dorado, histórico traficante arosano detido en 2003. Ou esas frases célebres, célebres e un decir en que un Sito Miñanco decía aos xueces da operación Necora "Menos mal que eu non creo na violencia por que se non matabáo a todos" A Picaresca do Lazarillo de Tormes parece salvando as distancias formar parte da política nacional sobre todo contarnos ou eso parece que para chegar ao poder, todo absolutamente todo, vale. Escribete Carretero "Non sei de que color é a coca nin o chocolate, nunca os vinña miña vida, nin quero velos" di Marcial Dorado ao periodista Felipe Suárez. Un libro cheo de información, crónica que se o lemos tranquilamente vere-

mos o actual coma algo antigo e de sempre. E cando falas con persoas que pertencen ao PP contáncos como se sacaron unha foto con tal personaxe importante e lle dan todo o valor a mesma ou cando lles arreglan unha estrada subéñse por as paredes cando críticas a labor dun Goberno. Saltan no balcón de Génova con aire de victoria cando xa pasau algún tempo e seguimos sin Goberno e vemos as rifas nos distintos medios de comunicación como se fosen un pai e un fillo que non saben por onde ir. Isto se chama política ou picaresca ter aos cidadáns mirando todos os días os distintos medios de comunicación... E a xornalista defendendo en ocasións o indefendible. Son estas persoas responsables. Unha persoa do Psde decíanos que nos seus tempos facíase política e que estaban máis preparados que hoxe... Lanzaba unha pregunta ao aire, como se pode facer un plan para

rematar contra a corrupción cando o mesmo partido a ten? Agora estamos noutro intre, noutro momento con xovenes protagonistas que queren ocupar un posto que non tiveron no seu lugar de procedencia e en Galicia xa non sabemos cantas escisións se fixeron. E unha loita do poder polo poder a política? Onde están os cidadáns?, que lugar ocupan neste lugar xeográfico? O certo que en calquer outro país algúns xa houberan dimitido. Quizaves temos que recordar as palabras que dixo e menciona Carretero no seu volume de Dwight D. Eisenhower militar, político e Presidente dos Estados Unidos (1890-1969) tra-la liberación de Auschwitz "Graben todo. Nalgun momento algún bastardo se erguerá e dirá que esto nunca sucedeu"



Por Rafel José Adalid

Se nos trasladamos antes da chegada do cristianismo á contorna Europea, en Grecia e Roma non había nin ceo nin inferno, só o inframundo onde ían todos os que morrían, situado debaixo da terra. Da mitoloxía grega, acompañánnos esas narracións incríveis, nas que os defuntos cruzaban o río Aqueronte na barca de Caronte cara ao máis alá, onde permanecía gardando a porta de entrada e saída o Can Cerbero. Lembrar que segundo Platón os mortos eran asignados a un destes tres lugares: os amados polos deuses ós campos Elíseos, os condeados ó Tártaro e os restos dos mortais para o Hades.

Sobre o demo ou o díaño diversas foron as tradicións e formas de expresión oral que se recolleron en Galicia ao

longo do tempo e do espazo. Esas historias que nos transmitían os nosos antepasados, trasladadas de boca en boca, xuntocoas recompiladas por diversos autores ó longo destes anos, comunicánnos esa presenza forte na crenza do demo por parte do pobo. Probablemente, as historias sobre esta figura que proliferaron no noso territorio, tiveran lugar pola fervente relixiosidade que acompañou e en parte caracterizou ó longo das décadas e séculos ó pobo galego. Desta maneira, tamén son innumerables as historias sobre Deus, Cristo, a Virxe, Santas e Santos que aparecen en lendas e nas diversas manifestacións da tradición oral. Permanece a crenza de que certas divindades, sitios e persoas relacionadas coa relixión, son quen de liberarnos do meigallo ou de calquera posesión, incluso hoxe en día aparecen testemuñas destes feitos que narran o visto e o vivido.

O demo na tradición oral

Ó longo da tradición oral máis recente, enténdese o demo como un ser que incita ó mal, causante de diversas catástrofes; tentando ós seres humanos con favores, poder, riqueza ou calquera outra cousa que satisfaga as necesidades e desexos destes. Nas diferentes historias contadas, vese que o díaño pode adoptar diversas formas ou aparencias como a dunha persoacamiñante, por riba dun cabalo... ou incluso presentándose en forma de animal. Normalmente nestas narracións populares non soe, a maioría das veces, conseguir o seu propósito, sendo superado polo enxeño popular. A súa aparición non só se remite a terra, tamén no mar mediante diferentes criaturas; existindo lendas e contos que teñen a auga, tanto do mar como da superficie terrestre, o sitio de entrada cara ao inferno. Diferindo desta forma doutros contos e lendas que aseguran que o demo non

entra nos mares e océanos. Se ben, as historias do mar sempre gardaron historias con figuras monstruosas consideradas moitas veces demoníacas.

Pero dáse o caso de que non sempre se aparece exclusivamente o demo, se non que o fan outros seres demoníacos de rango inferior a este, que se representan mediante figuras diferentes, como espíritos ou ananos, actuando de diversas formas que van dende a posesión dun corpo ata facer meras trasnadas ou simplemente metendo medo.

No máis popular, relaciónanse con esta figura ás bruxas por posuír poderes sobrenaturais, e por producirse reunións onde se levaba a cabo a súa adoración... a crenza de que a bruxa "permite" conversacións entre os dous mundos, ou como na antigüidade a maxia. Do que certos libros como o Ciprianillo, de gran sona en Galicia e en Portugal, segundo o dito popular recolle fórmulas máxicas, conxuros e listaxe de tesouros



Bica Amantecada

Viños da Ribeira Sacra.

Valdeorras. Albariños. Godello

Mel Marión Glacé

Vianos

Productos do Bierzo

Tenda CAFÉ-BAR

Adega do

GRILO

sabor a ribeira sacra

PRAZA DO PRADO 1

T. 986 20 30 34

CASTRO CALDELAS

Presentación en Arxentina de “Estirpe de navegantes”, de M^a Esther Alonso Morales



A publicación “Estirpe de Navegantes” editada por Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L., escrita por Maria Esther Alonso Morales foi presentada na Biblioteca da Facultade de Humanidades da Universidade de Mar de la Plata (Arxentina). Maria Esther Alonso, nacida en Bernal, provincia de Bos Aires, é neta de galegos. Seus avós eran de Fornelos, súa avoa, Celia Saborido, e de Puzo (Lira) seu avó.

Fortunato (Nato) Alonso (fillo de Palmira de Paula). Emigrados ámbolos dous a Arxentina a principios do século pasado. Seu pai, Jacinto Alonso, foi un de tantos arxentinos que nos anos da cruel Dictadura sufrida por aquel país non se conformou con ver como masacraban aos seus conveciños e, aínda podendo disfrutar dunha vida acomodada, decidiu “botarse ao monte” e loitar polas liberdades que o seu pobo

tiña secuestradas. A súa decisión custoulle a vida. M^a Esther, a autora deste libro, no ventre de súa nai, cando mataron a seu pai, quere aquí render unha homenaxe ao seu proxenitor e a tantos compañeiros de Jacinto que correron a mesma sorte. Nestes momentos M^a Esther vive en Hamburgo (Alemania) onde rexenta un bufete de Advogados acompañada do seu marido alemán e advogado.

“A voz de M^a Esther nace hai pouco e sen embargo xa quere, neste libro, vir de lonxe. Primeiro emerxía “Entre dos orillas”, seu primeiro libro; é dicir suspendida, en certo modo, aquí e alá; no pasado e no presente. Agora lánzase a navegar remontando o tempo ata lugares que a precederon. Encontra e recupera unha estirpe de mariñeiros migrantes. Imaxina unha familia lexendaria de navegantes, exploradores. Elíxese zarpar en todas dirección posibles, seguir un rumbo que a levará mar adentro...” Vou sen medo/adiante, sempre adelante...Voo suave...sigo a navegar...O canto das cigarras non se detén...Non esquecemos porque non queremos”.

Hoxe M^a Esther vive lonxe do país no que naceu e creceu. Para os fillos, os destinos do país e os dos seus pais quedaron amarrados para sempre. Un nó entre a historia pública e a privada que é exactamente iso; algo difícil de soltar, lugar de cruzamento, persistente,

que antes ou despois se fai visible. “Aí, país!! Imposible amor / Estou a pensarte baixo outro ceo” e “Á patria quereselle máis por propia/que por boa”.

Na fin da viaxe, os poemas de M^a Esther axudan a ver que nunca se marcha un de todo a ningunha parte e que, na verdade, voltamos doutro lugar. Por iso a súa bitácora poética iníciase no ano 8º (de que calendario?), un venres (e non un luns) de fins de marzo. É que ao pasado vivido non se pode regresar, senón apenas deixalo en versos. “Hoxe quero regresar a Santiago”, dí o penúltimo verso do libro. E enseguida, o remate do último verso, sempre cara adiante. “los lápices siguen escribiendo”

A lectura dos poemas estivo acompañada dunha proxección de fotos e imaxes do libro preparada por Neus Morán Gimeno

Resume do prólogo de Margarita Merbilhaá (La Plata, decembro de 2015- Traducción ao galego de Montserrat Rodríguez Alvarez)

Benigno Yáñez, Premio Risco de Creación Literaria



■ O xornalista boirense Benigno Yáñez Pérez.

O xornalista Benigno Yáñez Pérez gañou coa súa obra “Os donos das cinsas” o XVII Premio Risco de Creación Literaria, que convoca o Concello de Ourense e a Fundación Vicente Risco e que publica editorial Sotelo Blanco. O premio consiste na impresión de 150 exemplares e 6.000 euros en metálico. Yáñez naceu en Boiro en 1987. Tras estudar Xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela (USC) traballa como redactor xefe no Diario de Arousa (Vilagarcía). O premiado mostrouse “moi agradecido e ilusionado” e considera unha honra que se recoñecese a primeira novela que escribe dado que “o Premio Risco de

Creación Literaria é un dos referentes”. A novela premiada é unha historia sobre a corrupción, a lei e a política. “É ficción, pero podería ser certa” dixo o autor que engadiu que “explora algunhas das carencias do sistema actual en España e quere expor ao lector unha reflexión sobre a ética, legalidade e a política”. O libro “conta a historia de dous alcaldes dun pobo imaxinario galego, centrándose na evolución política e persoal dun deles e xogando cunha estrutura que se afasta do lineal para intercalar dous planos temporais,” manifestou o autor. O Premio Risco de Creación Literaria abrangue os diferentes campos da obra, non só de Vicente Martínez-Risco e Agüero, senón tamén a do seu fillo, Antón Martínez-Risco Fernández, veciños que foron de Ourense. O xurado desta edición estivo composto por: Pablo Fernández Barba, gañador da pasada edición; Carlos Rafael Ramos, poeta e activista cultural; Llerena Perozo Porteiro, crítica literaria; David Cortizo Conde, editor de Urco Editora e Luís Martínez-Risco Daviña, en representación da Fundación Vicente Risco

Por Inma Otero Varela

Da voz ás mans

Rebeca Baceiredo, *O canto da sibila* (Galaxia, 2016)

Non é doado reducir a lírica contemporánea, tan rica e plural, a uns simples trazos. Mais entre as diferentes liñas existentes probablemente cumpriría destacar a recorrencia ao corpo, sobre todo nos textos escritos por mulleres, ao emocional e intuitivo como guías do coñecemento, e á polifonía como estratexia que reflicte o múltiple e o fragmentario. Os tres riscos vertebran un discurso subversivo contra os relatos dominantes e axústanse ás reivindicacións das posturas marxinais. Neste caso, a polifonía, ou mellor, a alternancia da primeira persoa e a segunda que fixa un eu poderoso, marca unha posición central, a da sibila, que se revela contra a súa función de mera mensaxeira, de voz que cifra o ditado, de recipiente que se conforma con botar por fóra. A reivindicación do corpo feminino que busca superar a sublimación da voz, non se fai reclamándose só como corpo sexuado, como sexo silenciado ou construído desde fóra que se revela potenciando os sentimentos, senón reclamándose como motor, como garante de devir. O sentir convértese en posibilidade de cambio; o corpo serve en tanto permite a

revolución, de aí que a sibila, a transmisora do inefable, busque a lei, a xustiza, a razón. A racionalidade da profetisa rebenta o sis-



tema patriarcal, o fado da Hybris, e abre a porta ás posibilidades do real. Para iso precísanse varias mortes e resurreccións que liberen a sibila da función sgnica obrigada (“escribo, escribo sen tinta // para os cegos” (p. 19), que a arrinquen do corpo aberto para botala á vida. Debe ler así

non só nun novo espazo, o da terra que facemos xerminar, senón tamén nun novo tempo, nun kairós agochado en calquera onda gravitacional. É deste xeito como o sagrado se axusta ás leis da física, como o irracional é conscientemente domeado pola sibila. Se no contido o poemario de Rebeca Baceiredo supón unha continuación coherente da súa obra filosófica, tamén da fotográfica, na forma pódese rastrexar a mesma ascendencia. A dialéctica do oráculo favorece as imaxes crípticas, a sintaxe das revelacións que conxuga o contradictorio. Deste xeito as sentenzas aparentemente absurdas xogan coa apofántica para desvelar como a lóxica convencional só produce o erro, mentres que o erro descobre a lóxica dunha nova realidade. Filosofía poética desde a que as mulleres poderán transformar o mundo.



Letras

Homenaxe a Manuel María e a Ourense co videoclip “A cidade”

Na recta final do ano das Letras Galegas dedicadas a Manuel María Fernández Teixeiro, Uxía e Magín Blanco lanzan un novo videoclip que completa a homenaxe iniciada polos dous músicos en Canta o cuco e Todo me fala de ti, proxecto que viu a luz da man da Editorial Galaxia en formato de libro-cedé e que subiu hai uns meses aos palcos do programa de dinamización lingüística “FalaRedes 2016” nunha xira de 15 concertos en directo por outros tantos concellos da Rede de Dinamización Lingüística. A peza é tamén unha homenaxe á Cidade das Burgas e á súa xente miúda, xa que foi rodada eiquí entre abril e maio deste ano coa participación dos nenos e as nenas do Colectivo Re.creo. “Rematando o ano de Manuel María, as Letras Galegas semellan querer darlle o relevo a Carlos Casares, un dos máis grandes expoñentes ourensáns, por medio deste videoclip infantil”, sinalou García Gómez, quen quixo destacar “a importancia de proxectos como o que vimos presentar para a dinamización da lingua galega nas franxas de idade máis temperás, nomeadamente a infancia e a mocidade,

a través de artistas e profesionais destacados que teñen o idioma propio de Galicia como principal ingrediente da súa creatividade e que impulsan o seu uso e a súa presenza en campos tan importantes para a normalización lingüística como son o musical, o audiovisual ou o asociativo”. Canda el e os músicos, participaron na presentación representantes das outras entidades colaboradoras: o vicepresidente da deputación ourensá, Rosendo Fernández; o vicerreitor do campus universitario de Ourense, Virxilio Rodríguez; a integrante do Colectivo Re.creo Marta Somoza e os directores audiovisuais, Marcos Nine e Otto Roca.

Audiovisual

No marco da programación Letras Galegas 2016 posta en marcha pola Consellería de Cultura e Educación, a Secretaría Xeral de Política Lingüística colabora, canda á Deputación de Ourense, a UVigo e o Colectivo Re.creo, nesta peza composta e interpretada por Uxía e Magín Blanco e dirixida por Otto Roca e Marcos Nine, que traspasan os versos do poeta chairego (‘As rúas do vento ceibe’, 1979) ao audiovisual. O



■ Presentación do videoclip en Ourense.

videoclip ten por carta de presentación dúas das voces máis coñecidas entre o público infantil galego e unha selección dos emprazamentos que conforman o imaxinario actual de Ourense, con especial atención aos seus barrios e aos edificios e espazos libres que constitúen o referente da súa cidadanía: as Burgas, o Teatro Principal, o Museo Arqueolóxico, o colexio Curros Enríquez, o cemiterio de San Francisco, os xardíns do Padre Feijóo, o parque de San Lázaro, o Campus Univer-

sitario no Hospital Vello e a Praza de San Marcial.

A Cidade

Inspirada no poema homónimo, “Cidade” fala do ambiente dunha cidade desde a vivencia que se experimenta ao percorrela no día a día, enumerando espazos e actividades urbanas e transmitindo certa idea de balbordo, diversidade e movemento. As imaxes amosan unha cidade en branco e negro que é contemplada desde a distancia por nenos que portan

un globo de cor. No interior, unha nena desgustada recibe un destes globos e inicia unha viaxe polos barrios, ao tempo que se van vendo outros nenos e nenas que tamén levan globos de cores, que camiñan, que se xuntan e que comezan a regalalles estes globos ás persoas que van atopando. A través destes actos, a cidade vai recuperando as cores e, finalmente, todos os nenos e nenas ceiban os globos que ascenden ao ceo cara novas direccións.

Chus Pato, académica de número e Clodio González, correspondente da RAG



■ María Xesús Pato Díaz.

O Pleno da Real Academia Galega elixiu académica numeraria a María Xesús Pato Díaz. A candidatura da escritora ourensá, coñecida como Chus Pato, fora oficializada no Pleno anterior para ocupar a vacante de Xosé Fernández Ferreiro, falecido o pasado 16 de decembro. Na mesma xuntanza tamén foi elixido académico correspondente Clodio González Pérez. Chus Pato (Ourense, 1955) conta cunha frutífera traxectoria poética e artística na que, sen esquecer un arraigado compromiso ético coa condición feminina e co país, desenvolve unha voz renovadora, rupturista cos modelos tradicionais. A súa é unha das voces poéticas máis vangardistas e persoais da literatura contemporánea desde os anos

80 do século pasado, recoñecida tanto en Galicia como alén das nosas fronteiras. A autora publicou os seus primeiros poemas na revista Escrita (1984). Parte da súa obra pode lerse en distintas revistas (Luzes de Galicia, Festa da palabra silenciada, Andaina, Gume, Dorna, Clave Orión...) e libros colectivos e antoloxías. Urania (1991) foi o seu primeiro libro de poemas, ao que seguiron Heloísa (1994), Fascinio (1995), A ponte das poldras (1996) ou Nínive (1996), co que gañou o Premio Losada Diéguez en 1997. En 2009 mereceu o Premio da Crítica por Hordas de escritura (2008), co que volveu gañar o Losada Diéguez. Este título forma parte da pentoloxía Decrúa (antes Método) iniciada en 2000 con m-Talá, e da que

tamén forman parte Charenton (2003), Secesión (2009) e Carne de Leviatán (2013), polo que foi recoñecida co Premio da Irmandade do Libro como mellor autora do ano. A poesía de Chus Pato conta con traducións ao español, inglés, portugués, serbio, polaco, alemán, italiano ou árabe clásico, entre outros idiomas, e está presente en antoloxías internacionais como New European poets (Graywolf Press, 2008), Poeti spagnoli contemporanei ou To the wind our sails; Iris writers translate Galician poetry (Salmon Poetry, 2010). Desde 2015, os versos de Secesión (2009) lidos na súa propia voz son os primeiros en lingua galega que forman parte dos fondos sonoros da Woodberry Poetry Room da Universidade de Harvard. Pato foi convidada aos festivais internacionais de poesía de Barcelona, Rosario, La Habana, Buenos Aires, Bratislava e Rotterdam.

Clodio González Pérez

No Pleno foi elixido ademais novo académico correspondente Clodio González Pérez (Cenlle – Ourense, 1947). Docente de formación, compaxinou este labor cunha fecunda actividade investigadora e divulgadora no campo da historia e da etnografía, recollida en numerosos artigos e libros e recoñecida desde hai tempo con numerosos premios. Colleitas de refraneiros e cancioneros, publicacións sobre a vida material, espiritual e cultural do pobo galego e unha morea de entradas

dedicadas a biografar figuras da cultura galega (Xosé María Álvarez Blázquez, X. Ferro Couselo, Antón Fraguas, Fermín Bouza Brey, Roberto Blanco Torres...) son só algúns exemplos da súa actividade, desenvolvida, como colaborador e asesor da Enciclopedia Galega Universal e da Gran Enciclopedia Galega, membro da sección de Arte Popular do Museo do Pobo Galego e da súa xunta reitora (á que pertence desde 1992) e representante do Consello da Cultura Galega na Comisión de Etnografía.



■ Clodio González.

Por Ramón Coira Luaces

Foi unha importante pintora surrealista da Xeneración do 27. Nada en Viveiro en 1902, a profesión do seu pai -funcionario de aduanas- levouna a residir en distintas provincias. Comenzou a súa

rosa. Concha Méndez e Maruxa, en palabras de M^a Luisa Sobrino, "pasearon por Madrid como mulleres modernas e emancipadas, manexando bicicletas, facendo deporte, asistindo aos cafés, a eventos literarios ou a ver-

que protagonizan as súas estampas deportivas. A finais de 1928 pasa por unha inflexión e un acercamento particular cara ao su-

Maruxa Mallo

jaros". O seu regreso a Madrid, a finais de 1932, supón un novo xiro no seu estilo. As súas novas series "Arquitecturas minerais", inspiradas en pedra, e "Arquitecturas vegetales", poboadas por estrañas froitas, son teas que aínda que manteñen a sobriedade cromática someten agora as súas formas a esquemas xeométricos. Durante esta época combina o seu traballo artístico cunha intensa actividade de compromiso coa II República, dando clases de dibujo en varios institutos e escolas. Participa tamén activamente na Sociedad de Artistas Ibéricos e mantén unha relación amorosa con Miguel Hernández. Previo ao estalido da Guerra Civil, no 1936, realiza una obra clave para o período artístico que desenvolverá ao outro lado do Atlántico: "La sorpresa del trigo". Este cadro mural, primeiro da serie "La religión del trabajo", presidirá a súa derradeira exposición en España, promovida polo grupo ADLAN. A Guerra Civil sorprende en Galicia, onde viaxa coas Misións Pedagógicas, e aquí permanece até 1937. Este mesmo ano fuxe a Portugal, desde onde

chega ao porto de Bos Aires. Alí é recibida como unha artista de renome, iniciando así o seu exilio, desde o que denunciará a barbarie fascista -que ten ecos na súa obra- e onde asistirá á homenaxe galega a Lorca. Dará numerosas entrevistas e conferencias, escribe artigos e realiza a súa obra pictórica "Arquitectura humana", debedora de "La sorpresa del trigo". Seguirá traballando en lenzos que compoñen un amplo ciclo dedicado a dous temas principais: o mar e a terra. Viaxa moito por Latinoamérica. En Chile coincide

reunidos en "Arquitecturas" e, finalmente, "Naturalezas vivas", variacións sobre estraños seres zoomórficos inspirados na xeoloxía e na fauna sudamericana. Estas últimas son unha serie de gravados, debuxo e óleo que se alongan até o ano 1960, cando decide voltar a España.

A súa obra é cada vez máis valorada por galeristas e críticos, especialmente a crítica española máis nova, que ve nela a encarnación dunha vangarda ocultada polo franquismo. Tras a morte de Franco chegalle o recoñecemento total: recibe a Medalla de Ouro do Ministerio de Cultura (1982), a Medalla de Ouro da Comunidade de Madrid, a Medalla de Ouro de Galicia e o Centro Galego de Arte Contemporánea organízalle a exposición antolóxica (1993). Para entón, Maruxa está xa moi enferma, encamada e morre o 6 de febreiro de 1995 na residencia Menéndez Pidal de Madrid. Díciase dela García Lorca: "Maruja Mallo, entre Verbena y Espantajo toda la belleza del mundo cabe dentro del ojo, sus cuadros son los que he visto pintados con más imaginación, emoción y sensualidad". A Academia Galega de Arte adícalle o 2017 a Maruxa Mallo.



■ *Sorpresa del trigo*

formación na Escola de Artes de Oficios en Avilés, até a definitiva instalación da familia en Madrid en 1922. Anos máis tarde ingresa na Academia de Belas Artes de San Fernando e empeza a relacionarse coa nova xuventude de poetas e artistas que irrompen na escena española, algúns deles conformarían a Xeración do 27. Coñece a Salvador Dalí e á poetisa Concha Méndez, que a introducen no círculo da Residencia de Estudiantes, onde estreita lazos de amizade e camaradería con Lorca, Buñuel e en especial con Rafael Alberti, co que mantén unha relación amo-

benas populares". Nestes anos, Maruxa crea a súa propia linguaxe artística, atenta ás distintas vangardas que empezan a chegar a España -futurismo, surrealismo, cine- e cos ollos abertos á arte popular; mesturando todo isto coa súa particular interpretación.

Traballa para varias revistas literarias, como La Gaceta Literaria, El Almanaque Literario ou a Revista de Occidente. En 1928 Ortega y Gasset bríndalle os salóns da Revista de Occidente para realizar a súa primeira exposición, que obtivo gran resonancia no Madrid da época. Fíxéronse comentarios e recensións de prensa por parte de intelectuais e pola alta sociedade madrileña, fascinada polo seu realismo máxico e aquelas combinacións de elementos festivos e burlescos, pola alegría da cor, as distorsionadas composicións das súas verbenas e polas atléticas mulleres

realismo froito dos seus avatares persoais e da relación que establece con Alberto Sánchez e Benjamín Palencia. Baixo o nome da Escuela de Vallecas percorrerán as paisaxes desapréciables e duras que rodean Madrid, as zonas finais do urbano e o inicio do contorno rural. Até 1931 explora este tipo de paisaxes que darán lugar á serie "Cloacas y campanarios", que compaxina con colaboracións en escenarios teatrais, coa realización de debuxos para a portada da Revista de Occidente e o deseño de cubertas de libros. No 1931 viaxa a París, ao obter unha pensión, onde permanece varios meses, expon a súa obra e coñece a René Magritte, Joan Miró, Chirico,... Numerosos intelectuais e artistas como Picasso e André Bretón visitan e acollen con entusiasmo a mostra e Breton cómpralle o cadro titulado: "Espantapá-



■ *Muller con cabuxa*

co seu amigo Pablo Neruda. En 1942 Ramón Gómez de la Serna e Atilio Rossi dedícanlle un libro. No tocante ao traballo artístico realiza varias series: "Retratos bidimensionais" sobre rostros femininos de fronte e perfil, imaxes planas e prototípicas; "Bailarinas"; "Máscaras"; esquemáticos debuxos

É CANDO CONSUMAMOS O MUNDO, QUE FACEMOS CO CAROZO? ... O DEPOSITAMOS NO CONTENEDOR DOS RESIDUOS ORGÁNICOS OU NO DOS ENVASES?



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez (luzro81@hotmail.com) - Montserrat Rodríguez (cursosospanhol.cep@gmail.com) - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - L. Mtnéz. Risco - Fco. Peña - Nemesio Barxa - Andrea GORO - Anxo Mena - I. Otero Varel - Susi Rodríguez

PORTUGAL: Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves - João Martinho.

MADRID: -Juan Louzán - BARCELONA : Fdez. Valdeorra - PAIS VASCO. Nicolás Xamargo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (KOKI)

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto -Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena, Pepe Carreiro, X. Marín, M. Fernández (HERMENAGER),Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións)

Depósito legal: VG-138-2015

Galicia

Empresas de Ourense que felicitan o Nadal e Aninovo



**COMIDA CASEÑA.
PRATOS ESPECIAIS
POR ENCARGO**

A MINA

Tfno 687 46 79 52
Avda Bos Aires, 92 OURENSE

CALEFACCIONES
LINO PEÑA

PRODUCCIÓN DE AGUA CALIENTE
AIRE ACONDICIONADO
REFORMAS COMERCIALES

OURENSE: Av. Buenos Aires, 246

☎ 988 232 959
☎ 988 223 118
☎ 609 888 918

OIL PINTUCO

Recollida de aceites.
Graxas vexetais.
Limpeza de filtros.

☎ 680 956 669
☎ 675 860 424
Correo: oilpintuco@gmail.com

HA Hotel Altiana

Ervedelo, 14
32003 OURENSE

Telf. 988 37 09 52
Fax 988 37 01 28

www.hotelaltiana.com
e-mail: info@hotelaltiana.com

**TABERNA
A
PALLOZA**

Polbo. Bocatas quentes. Razo.
Café para levar.
Xovos: cocido. Venres: callos.
Avda. Bos Aires, 84. OURENSE

T. 637 73 55 81

**Taberna
do Meigallo**

Preza do Ferro, 7 - Ourense
T. 988 23 34 05

**A DESPENSA
DO FUENTEFRÍA**

*Afumados · Ensaladas
Croquetas de bacallau*

Rúa Viriato, 7. Casco Vello - OURENSE

O BODEGÓN

Tapería caseña - Viños - Bicas

988 29 20 39 / 89 · 639 51 54 06 · MONTEDERAMO (Ourense)

DESCUBRE LOS SABORES

TAMARINDO

CASA DE CULINA

Plaza Mayor Ourense | www.bartamarindo.com

**la
GULA**

*En tu tapería
prueba nuestros
menús de Navidad.*

Pena Comeira, 2. OURENSE
988 24 83 76

Premios da Crítica Galicia 2016

María do Cebreiro, Blanca Roig, Uxía, Observatorio da Mariña pola Igualdade, Gabriel Tizón, Teatro do Atlántico, Alberte Pagán e Artesáns da Pesca



No Hotel Os Escudos de Vigo deuse a coñecer no decurso dun do xantar do sábado 19 de novembro o ditame da trixésima novena edición dos Premios da Crítica Galicia na súas modalidades de Creación Literaria, Investigación, Música, Iniciativas Culturais e Científicas, Artes Plásticas, Artes Escénicas, Cine e Artes Audiovisuais e Cultura Gastronómica.

Baixo o lema “En Irmandade”, lembrando o centenario das Irmandades da Fala, xuntáronse trescentas cincuenta persoas representativas dos diversos ámbi-

tos da política, da sociedade e da actividade cultural do país. Bieito Ledo, presidente da Fundación Premios da Crítica Galicia, abriu o acto, saudando aos asistentes e lembrando a traxectoria destes premios que chegan a súa trisésima novena edición.

O deserto de María do Cebreiro, Premio de Creación Literaria

O xurado da modalidade de Creación Literaria, acordou declarar finalistas as obras Cabalos e lobos de Fran P. Lorenzo (Xerais), O deserto de María do Cebreiro (Apiario) e Os últimos días de Terranova de Manuel Rivas (Xerais). Tras as

derradeiras deliberacións acordou outorgar por maioría o premio á obra de María do Cebreiro O deserto editada por Apiario.

Historia da literatura infantil e xuvenil galega de Blanca Roig, Premio de Investigación

O xurado da modalidade de Investigación acordou declarar como finalistas ás obras Medo político e control social na retagarda franquista de Lucio Martínez Pereda (Xerais); Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega do equipo coordinado por Blanca Roig Rechou (Xerais) e Juan Rof Codina de Diego Conde Gómez (Xerais). Tras

as derradeiras deliberacións acordou outorgar por maioría o premio a Historia da literatura infantil e xuvenil galega do equipo coordinado por Blanca Troi Rechou (Xerais).

Observatorio da Mariña pola Igualdade, Premio de Iniciativas Culturais e Científicas

O xurado da modalidade de Iniciativas Culturais acordou entre as propostas presentadas declarar finalistas a Programa ConCiencia, Observatorio da Mariña pola Igualdade e Numax Sociedade Cooperativa Galega. Tras as derradeiras deliberacións acordou por maioría outorgar o premio a Observatorio da Mariña pola Igualdade.

Uxía, Premio de Música

O xurado da modalidade de acordou entre as propostas presentadas declarar finalistas a Uxía, María Fumaça e Festival de Ortigueira. Tras as derradeiras deliberacións acordou outorgar por unanimidade o premio a Uxía.

Gabriel Tizón, Premio de Artes Plásticas

O xurado da modalidade de Artes acordou entre as propostas presentadas declarar finalistas a Soledad Penalta, Paco Pestana e Gabriel Tizón. Tras as derradeiras deliberacións, acordou outorgar

por votación o premio a Gabriel Tizón.

Teatro do Atlántico, Premio de Artes Escénicas

O xurado da modalidade de Artes Escénicas acordou entre as propostas presentadas declarar finalistas a Teatro do Atlántico, Kukus Produccións Artísticas e Matarile Teatro. Tras as derradeiras deliberacións, acordou outorgar por unanimidade o premio a Teatro do Atlántico.

Alberte Pagán, Premio de Cine e Artes Audiovisuais

O xurado da modalidade de Cine e Artes Audiovisuais acordou entre as propostas presentadas declarar finalistas a Alberte Pagán, Play doc de Tui e S8 Mostra de cine periférico da Coruña. Tras as derradeiras deliberacións, acordou outorgar por unanimidade o premio a Alberte Pagán.

Artesáns da Pesca, Premio de Cultura gastronómica

O xurado da modalidade de Cultura gastronómica acordou entre as propostas presentadas declarar finalistas a Manuel Gago, Artesáns da Pesca e David Sueiro (Galo Celta). Tras as derradeiras deliberacións, acordou outorgar por maioría o premio a Artesáns da Pesca.

Por: Antonio Crespo Masieu

Digo “Bosque” y he perdido la geometría del árbol.

Hablo por hablar de asuntos que los años me borraron.

Este home, Marcos Ana, fala do que non coñece ou ten esquecido, fala do que lle foi arrebatado. Pregunta “¿Cómo é a vida? Decídeme como é unha árbore, o bico dunha muller, o canto dun río”. Este home fala por falar. Escribe a tentas. Confésanos: “xa esquezo a dimensión das cousas, / súa cor, seu aroma...”

Preso aos 19 anos, torturado, con dúas condenas a morte que lle foron conmutadas, despediu a moitos compañeiros camiño da norte, tivo 23 anos para que case todo se fora borrando. E agarrouse á palabra coma un cravo ardendo para non esquecer, para evitar que todo se fora borrando; preguntar por ela, imaxinala, soñala. Escribe versos clandestinos, ocultados, mensaxes que saen ao exterior coma un grito de esperanza e liberdade. Foi moito o que borraron os anos.

Morreu aos 90, saíu do cárcere aos 42. Puido saber a xeometría arrebatada da árbore, recuperar ou coñecer por primeira vez, con ollos feridos por 23 anos de ferrollos e muros grises, o mar, o amor, un horizonte aberto. E seguir fiel as súas ideas. Atoparse con vellos e novos compañeiros e compañeiras. Os que agora se lembran del, quen o coñeceron e puideron darlle a man con emoción nalgunha manifestación do 15M, das mareas, nunha marcha pola dignidade..... Como si él fora non esa “estatua terrible e bermella no centro dun patio gris e deserto”, senón una árbore erguida, xove a pesares dos anos; a memoria dun tempo que foi e segue sendo o noso, una herdanza de dignidade nunca sepultada polo esquecemento.

Porque a memoria vive nas gavias, no que aínda non se

In memoriam Marcos Ana Un minuto de silencio. 23 anos de cárcel.

dixo, nese espazo en branco que reclama un nome, una sepultura, monumentos conmemorativos, homenaxes, cárceres derrubadas para que nada quede do que alí sucedeu, un pequeno xesto, una palabra. E de pronto érguese. Abrí-



rone fosas e coñecemos a vergoña dos máis de 100 mil que aínda esperan ser homenaxeados (e serano, chegará a hora da reparación).

Tres días antes de coñecerse a nova da súa morte un músico amigo, Jorge Fernández Guerra, lembraba, na clausura dun ciclo de concertos, estes versos de Juan Gil Albert: “Nada é máis triste/ que o que non se cumpre./ Todo canto se cumpre extasía,/ forza ou bondade./ Pero o que puido ser e roto/ colga sobre o abismo, / triste é coma o eterno,/ sen forma nin cor.” Falábanos da vida

non cumprida dos que, vencidos na guerra, marcharon ao exilio, foron condenados ao silencio ou encarcerados. E ao triste e atroz esquecemento, dun país que os borrou da súa historia. O seu exemplo, a súa palabra, a súa música sobran nese país alegre e caseque perfecto que naceu en 1978, borrando o seu pasado e aos que o fixeron. Pero voltan, a pesares de todo. Como a música de Julián Bautista, exiliado na Arxentina, apenas interpretado en España, que escribiu a súa Segunda Sonata concertata a quattro, en 1938. Hoxe que Marcos Ana morreu, creo que o segundo movemento, ese andante sostenido, acolle a memoria de todos e todas os ausentes, os esquecidos, as excluídas, as que sufriron cárcere, tortura ou o exilio, os tenros habitantes das márxes. Están aquí, nesta música que fire coa tristeza do non cumprido, que fala do que puido ser, foi roto e, sen forma nen cor, caíu no abismo.

Cecais non fora moito pedir aos que din representar a soberanía nacional, un minuto de silencio por 23 anos de cárcere, por 23 anos querendo silenciar una voz que aínda nos fala:

**Si llegáis ya tarde un día
y encontráis frío mi cuerpo,
buscad en las soledades
del muro mi testamento:
al mundo le dejo todo
lo que tengo y lo que siento,
lo que he sido entre los míos,
lo que soy, lo que sostengo;
una bandera sin llanto,
un amor, algunos versos...**

(Antonio Crespo Massieu é poeta, forma parte da Redacción de “Viento Sur”).

Letras

Por: Kiko Neves

Lume

E no remate de todo
soñei con rosas amarelas,
con bolboretas,
pisquiños,
alcalitros
e tirabeques.

Logo, decidín
plantarlle lume aos libros,
ao armario do meu cuarto
e ao meu cuarto,
á casa,
a casa dos meus pais,
e ao comercio do lado.

Prendinlle lume a todos os carros
da rúa:
aos aparcados en liña,
aos da dobre fila,
aos que pasaban
e aos aparcados en batería
na rúa que leva á praza da igrexa.

A praza da igrexa,
tamén;
a igrexa, singularmente.

E, ao cabo, con moito xeito,
a casa do concello.

A casa do concello ardeu enteira,
maxestosa, espantosamente.

Ardeu enteiriña
agás as pedras da fachada,
da fachada de sempre.

Que bonito ver arder naquela
noite
a Casa do Concello de Ponteas-
reas.
Estoupaban as cristaleiras,
rebetaban os alicerces,
caían os estamentos,
mentres chegaban
os bombeiros, a policía, a garda
civil,
e toda aquela xente que corría
atrás de min.

Que bonito.

Que bonito cando me apañaron,
e me bateron
e me esmagaron
e sorrín.
Sorrín tanto
que quedei sen dentes.

Ao saír do hospital
preguntou o xuíz:
Por que, muchacho.
Así o dixo: Por que, muchacho.

A poesía, señoría,
a poesía, ou algo así.

Beirarrúa

Non é polo leve latexar do
albor crebando o meu peito
nin polas follas perennes
ollando ás soidades do ou-
tono.

Nin por todos os teus amen-
ceres dando cor ao ceo
e forzas a algún sorriso forá-
neo.

É polas bágoas soterradas nas
miñas lembranzas,
polo fío de voz que esvara
dende a gorxa ata os beizos,
é pola dor,
polo m e d o.

Por iso escribo estes berros
rotos agochados nuns versos
mentres os paxaros píanlle ós
semáforos vermellos
en busca de castiñeiros, de
destelos caídos.

E só atopan estrelas perdidas
na escuridade do meu peito.
Sinto a inxustiza amarrán-
dome as mans,
o lamento dun soño
agochado embaixo do noso
leito.

Unha terra indiferente, fría,
onde as pantallas reflecten
aquelas miradas que xamáis
se chegarán a cruzar.
A maxia tirada na rúa,
o volume máis alto que o
ruído para non escoitar
a présa inundando as cida-
des,

as pegadas fuxindo do chan:
non coñezo a ninguén que
agarde sentadiño á chegada
da lúa,
fai tempo que a lúa non sae
pasear.

Algúns meniños alfúfaros sal-
pícanse nunha fonte
como se souberan algo dos
ríos que levan ao mar,
e de que o tempo
c o r r e...
O cadúceo desenrólase nun
manto de días caducos
e ningún poema vainos san-
dar
se os ollos do mundo están
pechados.
Non sei se queda afouteza
neste lar.



Por Laura de Cáceres

Homenaxe a Eduardo Blanco Amor



A Xunta de Galicia, repre-
sentada polo secretario
xeral de Cultura, Anxo
Lorenzo, e pola delegada do Go-
verno galego en Ourense, Mari-
sol Moureira, participou en
Ourense na homenaxe a Eduardo
Blanco Amor, con motivo do
aniversario do pasamento do es-
critor. O acto de recordo a
Blanco Amor, no cemiterio de
San Francisco de Ourense, foi
organizado polo Centro PEN Ga-

licia. Ao pé da campa do autor
de "A Esmorga", alumnos e
alumnas do IES Blanco Amor –
centro que este ano celebra o
seu 50º aniversario– realizaron
unha lectura de textos do escri-
tor. A Real Banda de Gaitas de
Ourense tamén participou na ce-
remonia de lembranza. No Liceo
de Ourense celebrouse un acto
literario de entrega do XXXV Pre-
mio Blanco Amor de Novela
Longa.

Culturgal en Pontevedra

No pazo da Cultura de Pon-
tevedra celebrouse Cultur-
gal, a fira de industrias
culturais. Este espazo reuniu un
cento de entidades e empresas
expositoras, ademais de ser o
epicentro dun programa de máis
de 120 actividades, tanto para
profesionais como para o público
xeral. A Consellería de Cultura e
Educación, mantén o seu apoio
como principal entidade patroci-
nadora, que este ano revalida a
proxección da cultura e da crea-
tividade como selo de desenvol-
vemento social e económico. Así
o subliñou o secretario xeral de
Cultura, Anxo Lorenzo, durante o
acto inaugural, no que tamén in-
terviñeron o alcalde de Ponteve-
dra, Miguel Anxo Fernández Lo-
res; o deputado de Cultura da
Deputación de Pontevedra, Xosé
Leal; e o presidente da asociación
Culturgal, Manuel Bragado.

En palabras do secretario xeral de
Cultura, "Culturgal é probable-
mente unha das citas máis ambi-
ciosas da cultura galega de
concepción multidisciplinar". "Li-
bros, artes escénicas, música, au-
diovisual, programación infantil,
artes plásticas, tecnoloxía... Todo
isto está presente no Culturgal
como unha oportunidade para o
encontro profesional dos distin-
tos axentes das industrias cultu-

rais, pero tamén para o coñece-
mento do público xeral", enga-
diu.
En liña co lema desta novena edi-
ción, "Cultura, comunidade, fu-
turo", Anxo Lorenzo defendeu a
necesidade de reivindicar o papel
das industrias culturais e creati-
vas galegas como o noso "selo de
futuro e de proxección interna-
cional como marca de país".
A Asociación Culturgal, da que
forman parte cinco asociacións

profesionais –Asociación Galega
de Editores, Escena Galega, Ega-
net, Asociación Galega de Produ-
toras Independentes (Agapi) e
Asociación Galega de Empresas
Musicaís (AGEM)– que represen-
tan máis de 200 empresas do sec-
tor, encárgase cada ano da
organización desta multitudinario
evento, para o que conta co
apoio da Consellería de Cultura e
Educación, o Concello de Ponte-
vedra e a Deputación.



Cen anos de Cantigas da Terra

O vindeiro 28 de decembro de 2016 Cántigas da Terra cumpre un século de vida.

Para conmemorar tan feliz efeméride, a Entidade está a confeccionar un programa completo de actos que chegarán até o verán de 2017:

Decembro

20:00h

A Coruña

Teatro Colón

Festival Antigos Coristas

18 decembro

12:15h

A Coruña

Pazo da Ópera

Concerto coa Banda Municipal da Coruña

- Exposición do centenario. Un percorrido apaixonante pola historia desta institución coruñesa- Quiosco Alfonso – A Coruña - pendiente
- Gala do centenario. Un espectáculo con convidados moi especiais - pendiente
- Edición dun libro fotográfico. Unha coidada selección de instantáneas para o recordo – pendiente.

Coa creación das Irmandades da Fala, o primeiro nacionalismo precisa pragmatizar os seus ideais de recuperación da identidade propia, promovendo así o uso público da lingua galega. Con tal fin nace Cántigas da Terra (A Coruña, 28-12-1916). Nun contexto de emoción e creatividade, produto do amor pola Terra, xermolan o canto, o baile, o teatro, a poesía, a pintura... trátase dunha proposta que implica a case que todas as disciplinas culturais nun momento clave: os albores da globalización, nos que xa se albiscan síntomas de esquecemento e menosprezo cara ao propio. Ademais, a entidade axiña toma iniciativas importantes como a incorporación das mulleres.

Ata o cruento golpe do 36, o coro mantivo unha intensa ligazón co movemento galeguista, mais cando comeza a guerra son moitos os que se agochan, foxen ou son fusilados e Cántigas tivo que se adaptar ao novo réxime de ditadura. Con todo, manter o canto en galego e a negativa a integrarse na Sección Femenina simbolizan grandes logros nesta difícil circunstancia. Na altura, a agrupación florece no musical e gaña popularidade, realizando multitude de viaxes e gravacións. Outro fito salientábel é que Cántigas consegue para Galicia o recoñecemento como nación celta



dentro do II Congreso do Mundo Celta (Bretaña, 1954).

. O mítico Coro disólvese en 1914 e isto propicia que se multipliquen iniciativas a imaxe e semellanza. Neste florecer vanse implicar as Irmandades da Fala que, desde o seu nacemento, alentan a creación ou colaboran con dúcias de Coros Galegos por todo o País. Velaquí algúns dos herdeiros da idea de Don Perfeito: Viva o Ribeiro! (Ribadavia), Os Enxebres (Ourense), Foliadas e Cántigas (Pontevedra), Agarimos da Terra (Mondariz), Cántigas da Mariña (Ribadeo), Agrupación Artística (Vigo), Queixumes dos Pinos (Lavadores), Cántigas e Aturuxos e Frores e Silveiras (Lugo), Escumas e

só catro chegan aos nosos días, Toxos e Froles (Ferrol), De Ruada (Ourense), Cantigas e Agarimos (Compostela) e Cántigas da Terra (A Coruña).

- En maio de 1927 noméase a Adolfo Anta Seoane novo director, quen reforza aínda máis a relación co mundo popular coruñés, sen perder en modo algún as fortes sinerxias coa intelectualidade do País. O Mestre Anta é un metódico folclorista que recompila, as máis das veces en parceria co crego Saturnino Cuíñas, melodías ao longo da nosa xeografía nun tempo no que o rural aínda fica lonxe das influencias dos medios de masas. Anta profunda na importancia de xunquir o modelo de Aires da

parte anarquista. A finais de 1928 Cántigas da Terra realiza o seu segundo rexistro sonoro para a Casa Odeón, de tan recoñecido éxito que chegou a ser editado na Arxentina.

- Coa chegada da República a actividade cultural aumenta notábelmente e realízanse moitas actuacións ao aire libre. Entre elas destaca a celebración do Día de Galiza nos Xardíns de Méndez Núñez. 1934 foi especialmente sinalado para Cántigas. Grazas as xestións do secretario do Concello e antigo presidente do Coro, Joaquín Martín Martínez, lógrase o nomeamento como Órgano Oficial do Concello da Coruña. Ademais a colectividade establécese na sede da rúa San Xoán 9 per-



■ Cantigas da terra 1923

Brétemas (Monforte), Brisas do Masma (Mondoñedo), Ecos da Terra (Ferrol), Froita Nova e Queixumes dos Pinos (A Coruña), A Troula (Sada), etc. De todos eles

Terra co movemento orfeonístico, tal e como fica demostrado coa incorporación de xentes do movemento obreiro emerxente no barrio de Monte Alto, en grande

manecendo alí 81 anos até 2015. Na década dos 50 o nivel de esplendor artístico do Coro lévaos a participar en eventos de relevancia, consolidando a función de

embaixador herculino por excelencia. No 1954, Cántigas consegue para Galicia o recoñecemento como nación celta dentro do II Congreso do Mundo Celta na Bretaña Francesa. Nestes anos realízanse un grande número de rexistros sonoros con importantes discográficas (Columbia, Alhambra, etc...)

As décadas dos 60, 70 e 80 destacan polo número de viaxes e actuacións no extranxeiro, con xiras por Francia, Suíza, Alemaña, Arxentina, Brasil... Un dos festivais máis visitados na historia da agrupación é o citado encontro Intercéltico anual, que en 1971 asenta na vila bretona de An Oriant, e sendo no 2010 a súa última participación nel. Ao longo deses anos tense participado en moitas actuacións televisivas e intervencións radiofónicas, sendo tamén moi habitual a reprodución dos antigos discos sinxelos nas ondas.

Nos anos 90 prodúcense moitos cambios xeracionais, Arantxa Concheiro convértese na primeira muller que dirixe o Coro e péchase con ela o século XX. En 2001, César Concheiro, irmán de Arantxa e coma ela fillo e neto de gaiteros de Cántigas da Terra, toma o relevo ata o día de hoxe como Mestre-Director. Desde 2004 Cántigas vén organizando unha importante cita anual reunindo ás catro institucións históricas que cumpren un século de vida nos nosos días. Trátase do xa ben coñecido Ciclo de Coros Galegos, que acolle nas súas últimas edicións a novas e ilusionantes formacións, que aínda sen o carácter histórico, teñen hoxe un peso e importancia fundamental, nun tempo de distintas aínda que non doadas circunstancias.

- Desde os inicios, numerosos mestres ensinan as diversas materias artísticas e musicais co obxectivo de nutrir o Coro e crear un ambiente propicio para o folclore e o fomento da nosa lingua e cultura. As Escolas da Terra son o espazo creado polo mesmo para que nenos e adultos poidan aprender e entrar en contacto neste ámbito e na Entidade. Hoxe a proposta artística do coro combina as voces cos instrumentos, o baile e o teatro autóctonos, creando unha paisaxe emocional que nos identifica como galegos. Ademais, a entidade traballa na recuperación do espazo que lle é propio dentro do País, no uso normal do noso idioma e na interrelación entre as distintas disciplinas culturais, cumprindo o desexo dos fundadores.

Galicia

Redacción LUGO

Premiada a biblioteca municipal de Sober



■ Participantes do club da lectura.

A biblioteca municipal de Sober e o seu club de lectura Pintor de Castinande veñen de ser premiados na XVII Campaña de Animación á Lectura dos galardóns María Moliner. Con este distintivo recoñécese a intensa actividade realizada ao longo deste ano na biblioteca soberina mediante o programa de animación á lectura 2016. A Biblioteca soberina recibirá como recoñecemento en forma de premio un lote duns 150 libros. Na edición deste ano do certame, convocado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) presentáronse un total de 605 proxectos dos que a comisión de va-

loración seleccionou os 300 mellores programas de promoción á lectura, entre os que se atopa a da biblioteca municipal de Sober. Na provincia de Lugo tamén foi premiado o traballo da biblioteca municipal do Saviñao e a de Xermade. Para a elección tiveron en conta a claridade e interese do proxecto para a animación lectora, a boa planificación e viabilidade, así como a orixinalidade e a inmersión nas novas tecnoloxías. Dende a biblioteca do Concello de Sober amosáronse moi satisfeitos e orgullosos deste galardón "que recoñece o noso traballo e as múltiples iniciativas levadas a cabo para fomentar a lectura no noso municipio".

Santa Cecilia en Sober

O Centro Sociocultural de Sober encheuse de música e xogos para celebrar a Santa Cecilia. A xornada rematou cun xantar para todos os participantes.



Concentración en Sober



O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, presidiu a concentración diante da Casa Consistorial que mantiveron os traballadores e traballadoras do Concello, así como veciños e veciñas da localidade con motivo do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero.

Sober participou nas Xornadas de Bibliotecas Escolares



■ O conselleiro de Cultura inaugurou as xornadas.

A Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia contou coa biblioteca escolar de Sober para a organización dunha ponencia nas VII Xornadas de Bibliotecas Escolares, celebradas en Santiago, concretamente na parte referida a experiencias salientables no tratamento de distintos ámbitos de actuación. Nestas xornadas, que foron inauguradas polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, participaron máis dun milleiro de mestres. Segundo os responsables do colexio Virxe do Carme "para nós é un orgullo esta elección xa que recoñece a nosa labor e o noso traballo durante os últimos anos; unha labor que está dando

froitos tanto no ámbito académico onde o alumnado está a obter mellores resultados; como noutros ámbitos externos ao centro onde os alumnos e alumnas acadaron varios premios a nivel provincial e nacional". A mestre encargada da biblioteca asegura que "para min foi unha honra representar ao colexio e compartir o noso traballo ante mestres de toda Galicia baixo o título "A biblioteca día a día: actividades e recursos". O equipo do colexio público Virxe do Carme agradece a colaboración de todas as persoas na posta en marcha e no funcionamento deste proxecto de biblioteca: aos mestres e mestras provisionais e itinerantes que pasaron polo colexio nestes cursos; ás familias e á ANPA que sempre que se lles pide axuda e colaboración, a conceden; ao Concello de Sober sempre disposto a apoiar; a Julia Fernández Garza, responsable da biblioteca municipal pola súa axuda e polo seu ánimo en momentos de desconcerto e as mestras encargadas das bibliotecas escolares da nosa zona que levaban máis tempo no PLAMBE e que colaboraron con para que a biblioteca formara parte desta rede; destacando o apoio de Celsa Varela e Dora Fernández.

O Concello de Sober mellora a gardería municipal

O Goberno local do Concello de Sober está realizando obras de mellora na gardería municipal. A inversión total das actuacións no edificio ascende a 22.600 euros, dos que 19.600 euros son aportados pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia dentro do Plan de Axudas á Rede Pública de Escolas-Infantís. O alcalde soberino, Luis Fernández Guitián, salientou a importancia destas obras e apuntou "que as reformas que se están realizando mellorarán substancialmente tanto a parte interior como a exterior a gardería e permitirán que os nosos nenos e nenas xoguen nunhas condicións máis cómodas". Guitián sinalou que, en concreto, as actuacións no Punto de Atención á Infancia municipal (PAI) consisten "na renovación das persianas, no acondicionamento e

peche perimetral da área exterior de xogos e a colocación diverso mobiliario novo". O alcalde dixotamén que as obras, que xa están en marcha, estarán rematadas en decembro. O rexedor soberino recordou que o "PAI de Sober conta con 20 prazas para alumnos de 0 a 3 anos e 3 profesoras. E desde fai anos esa vintena de prazas están ocupadas, habendo incluso lista de agarda para poder optar a unha".



■ Vista parcial da gardería de Sober.



En Sober a Ribeira Sacra do Sil conserva vestixios monásticos de interese histórico-artístico do chamado Románico Rural, que cobre integramente a cronoloxía do estilo: Loblos, Pinol, Proendos, Canabal e Bolmente constitúen o máis sustancial do citado arte.

Sober ocupa unha extensión de 134 quilómetros cadrados repartidos en 22 parroquias: Amandi, Santo Estebo de Anillo, San Martiño de Anillo, Arroxo, Barantes, Bolmente, Brosmos, Bulso, Canabal, Doade, Figueiroá, Gundivós Liñarán, Loblos, Millán, Neiras, Pinol, Proendos, Refoxo, Rosende, Santiorxo e Vilaescura poboadas por 3.331 habitantes.

A Corporación Municipal felicita o Nadal e Aninovo á veciñanza e visitantes

Alumeado público para 66 Concellos

O Executivo provincial aprobou as actuacións do seu Plan Enerxético, ao que se sumaron todos os municipios de menos de 20.000 habitantes, e que financia na súa totalidade a Deputación con 1,5 millóns de euros. O Goberno ingresará agora nas arcas municipais un 1.350.000 euros, que se corresponde co anticipo do 90% do plan que Campos decidiu ofrecerlles para contratar e executar estes traballos de mellora enerxética coa máxima axilidade. Os Concellos da Mariña reciben 350.000 euros da Deputación; os da Zona Centro 400.008 euros; os da Comarca de Sarria 151.248 euros; os da Ulloa 71.082 euros; os da Montaña 220.041 euros e os do Sur 155.498 euros. O Goberno da Depu-

tación decidiu distribuír os fondos totais de 1,5 millóns de euros deste plan entre os 66 Concellos en base a criterios totalmente obxectivos: superficie, densidade de poboación, núcleos poboacionais e esforzo fiscal. Isto supón que cada municipio reciba entre 16.000 e 46.000 euros. O Executivo provincial ofreceu ós concellos financiar melloras na rede de alumeado para aforrar máis dun 20% na factura anual pola luz; instalacións de caldeiras ou estufas de biomasa, así como novas redes de calor, que permitan reducir os custos térmicos ata nun 40% ao ano; ou illamentos térmicos, que facilitan o 10% de aforro na factura anual da calefacción. O Plan Enerxético da Deputación nos concello é unha aposta



■ Darío Campos presentou en rolda de prensa o Plan Enerxético.

persoal do presidente, pois como alcalde que tamén é coñece o importante esforzo económico que supón para os concellos asumir os necesarios custos enerxéticos.

Hai que ter en conta que, por exemplo, nun concello de menos de 5.000 habitantes a media do gasto tan só polos custos da luz municipal é de 200.000 euros ao ano.

A Deputación equipara os salarios dos bombeiros aos de Ourense

Darío Campos Conde, presidente da Deputación, presentou ao pleno do Consorcio provincial de Bombeiros, que asumen Deputación e Xunta ao 50%, unha proposta para equipar os salarios dos 132 bombeiros dos seis parques lucenses aos ourensáns co obxectivo de igualar as condicións laborais destes profesionais en Galicia. “Mesmo traballo, mesmo risco, mesmo soldo”, subliñou o presidente. Hai que ter en conta que, segundo datos oficiais, un bombeiro da provincia de Lugo recibe un salario anual de 18.000 euros fronte aos 21.400 euros dun de Ourense. Campos Conde fixo esta proposta, recollendo as reclamacións que persoalmente lle trasladaron os bombeiros en varios encontros que mantivo cos seus representantes sindicais. O presidente xa destinou 330.000 euros máis do orzamento da Deputación de Lugo para 2017 ao consorcio provincial de Bombeiros, asumindo deste xeito o 50% que lle corresponde achegar á institución lulesa para aplicar esta medida de equiparación salarial a partires do vindeiro ano. A Xunta de Galicia, responsable do 50% restante, apuntou durante o pleno do Consorcio que “ía a estudar” a proposta de Campos. Correspóndelle achegar outros 330.000 euros para completar os

660.000 euros necesarios e poder aplicar esta medida. Outra das propostas de Campos foi converter as xornadas parciais dos bombeiros en completas, tal e como demandan estes profesionais. Son nove bombeiros lucenses nesta situación. O Consorcio acordou o estudo técnico e administrativo desta medida. O pleno aprobou o orzamento deste organismo para 2017 que ascende a 4.895.051, 60, financiados ao 50% pola Xunta e a Deputación. Cada administración achega, polo tanto, máis de 2,4 millóns de euros. A maiores, o organismo provincial xa confirmou que incrementará a súa aportación con outros 330.000 euros para gastos de persoal e mellorar as condicións laborais dos profesionais destas instalacións contra incendios.



■ Sesión plenaria do Consorcio provincial de Bombeiros.

Mala administración do Concello de Monforte

O Valedor do Pobo, unha entidade a cuxo fronte está Milagros Otero, considera “escasa” a actuación do Concello de Monforte de Lemos cos incumprimentos reiterados de horarios, ruídos e licenzas dos pubs da rúa Duquesa de Alba durante os fins de semana. Explica que no últimos catro anos foi brando cunha serie de problemas que afectan directamente os dereitos fundamentais dos residentes na vía. Por iso, dálle un ultimato ao equipo de goberno que dirixe José Tomé Roca e installe a que de inmediato amplíe as medidas e “corrija definitivamente” a situación. O Concello “será mencionado expresamente como exemplo de mala

administración con motivo do informe ordinario 2016 do Valedor do Pobo ante o Parlamento de Galicia”. Os veciños da rúa Duquesa de Alba sosteñen que nos últimos dous anos non se fixeron medicións de niveis de ruído nas súas vivendas a pesar das reiteradas chamadas á Policía Local polas molestias causadas por determinados pubs que non cumpren os horarios de peche. Un veciño que residu na rúa ata o pasado mes de maio foi quen preparou a documentación que en 2015 se enviou ao Valedor do Pobo para denunciar o que ocorre na zona de copas os fins de semana. O seu trámite serviu para que o Valedor lle dese un ultimato ao equipo de goberno.



■ Casa Consistorial de Monforte de Lemos.



Galicia

Redacción LUGO

Luminarias ecolóxicas no paseo do río Rato

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez López, informaron sobre o proxecto de alumeado no paseo fluvial do río Rato e da estrada LU-P-2925. Fixérono logo de que o Executivo provincial aprobouse na Xunta de Goberno o inicio do proceso de contratación destes traballos por valor de 1.364.913 euros, financiados polo organismo provincial. Campos Conde explicou que, aínda que o proxecto estaba listo e dita partida orzamentaria reservada nas arcas provinciais, pódese poñer en marcha agora esta adxudicación logo de esperar por oito autorizacións imprescindibles segundo a lei por parte de distintas administracións. Estas foron as seguintes: avaliación de impacto ambiental, incidencia ambiental, permiso de conservación da natureza e autorización de urbanismo por parte da Consellería de Ordenación do Territorio e do Medio Ambiente; permiso da unidade de estradas do Ministerio de Fomento; autorización de Adif, licenza de obras do Concello e, finalmente, autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS). Precisamente, foi esta última, a que máis se demorou, pois chegou nas pasadas semanas. Nesta comunicación, a CHMS tamén plantexou unha recomendación, que non unha obriga, que Deputación e Concello decidiron aplicar. “Fixémolo coa máxima celeridade”, apuntou o presidente. Esta consistiu en situar as luminarias uns cinco metros máis afastadas da canle do río Rato. Isto supuxo que os técnicos da axencia provincial da enerxía da Deputación tivesen que recalcular todo o proxecto, pois, ao cambiar as farolas de ubicación, houbo que volver a graduar a intensidade de cada un dos puntos de luz, tendo en conta a súa si-

tuación para respectar o medio ambiente. “Acadados todos os permisos, e feita esta pequena modificación no proxecto, arranca a contratación destas obras, que prevemos iniciar a principios de ano e rematar tamén no 2017”, apuntou Campos. O prazo de execución é dun máximo de 1 ano. A alcaldesa subliñou que “este gran proxecto, que retomamos, está pensado en todos e cada un dos 98.134 veciños e veciñas de Lugo, pensado por e para as persoas, como nos gusta traballar dende o Concello e Deputación de Lugo, coas persoas”. A rexedora manifestou que se trata “dunha iniciativa orientada a buscar un crecemento sostible e integrador da cidade, que ademais pon en valor o cinturón verde da cidade, duns 10 quilómetros á beira do Rato e do Miño”. Remarcou, ademais, o “importante beneficio destas actuacións para os veciños, pois vailles permitir gozar máis deste espazo público, e máis aínda cando as horas de luz solar non o fan posible, garantizándolles visibilidade e seguridade”.

Características

Méndez explicou que se actuará nun treito de sete quilómetros, que discorre entre a avenida de Madrid e o parque do Sagrado Corazón. Situaranse 283 puntos de luz ecolóxicos (LED). Son 103 luminarias na estrada e 147 no paseo fluvial, dos que 3 son proxectores para o túnel que hai debaixo da rotonda que comunica con dito parque. A intensidade dos puntos de luz oscila entre os 179 vatios e os 12,5, tendo en conta a súa ubicación e respectar o medio ambiente. Tamén para reducir o impacto ambiental, hai 252 farolas de color neutro. A distancia entre as mesmas é de 25 metros no paseo e de 30 na estrada. As do paseo teñen 1



■ Darío Campos Conde e Lara Méndez López.

punto de luz e nalgunha da estrada dobre iluminaria. Situaranse 20.000 metros de cableado que serán de aluminio e non de cobre. Haberá un sistema informático, cuxas probas de funcionamento se farán primeiro dende a Axencia Provincial da Enerxía, pero logo terá no Concello de Lugo, para regular a intensidade lumínica, aforrar custos ao poder adaptar a luz ás condicións climatolóxicas, e garantir a luminosidade. Nunha pantalla o municipio lugués poderá controlar o corrector funcionamento de cada un dos 283 puntos de luz.

Seguridade na estrada

Este proxecto conleva máis medidas de seguridade na estrada LU-P-2925, pois, xunto aos 103 puntos de luz que haberá no vial, tamén se situarán 1.466 metros de biondas de seguridade. Dentro das actuacións do Plan Integral de estradas provinciais, o Goberno

da Deputación aplicou neste vial slurry. Trátase dun material adherente e antiesbarante, que se pon nas autovías, que impermeabiliza o firme, mellora a evacuación de augas e dota á estrada dunha maior adherencia. Está composto por alcatrán, emulsión asfáltica, auga, aditivos, cemento e áridos. Campos e Méndez adiantaron a posta en marcha de máis actuacións de posta en valor dos máis de 10 quilómetros do cinturón verde da capital. O Concello de Lugo ten en marcha o Muramiñae, que está dotado de 12,5 millóns de euros, que o Goberno local foi capaz de captar da Unión Europea. Esta programación contempla a integración do río na cidade a través do Carmen. O presidente apuntou que a Deputación está a estudar a posibilidade de habitar o Paseo do Rato dun carril bici. Ademais, o organismo provincial traballa na posta en marcha dun plan de mellora deste contorno, que con-

templa varias actuacións, así como na ampliación e modernización do proxecto de hortos ecolóxicos. Sen ter en contra o proxecto de alumeado de case 1,4 millóns de euros, Deputación e Concello levan executado múltiples actuacións para o impulso do cinturón verde da capital e que superan os 3,5 millóns de euros. Por exemplo, a recuperación de 32,5 quilómetros de 3 rutas de sendeirismo (no Paseo do Rato, de Lugo ao Piago e na Fervenza); a construción de dous parques infantís, a mellora da escola de piragüismo, o acondicionamento da zona dos Robles, o conxunto de melloras no Paseo do Rato, a recuperación do Hotel Miño, así como as actividades de impulso do termalismo, acuáticas no Miño, de artesanía no Centro de Cestería ou as medioambientais e lúdicas no Centro de Interpretación de Terras do Miño, nas que participan de balde máis de 1.700 persoas ao ano.



Xornada de confraternización de grupos de Protección Civil

Sara Inés Vega, alcaldesa de Castro Caldelas, presidiu no patio de armas do castelo a xornada de convivencia dos voluntarios de agrupacións de Protección Civil. Este encontro congregou a máis de 360 efectivos integrantes das 69 agrupacións de Ourense, así como representantes das outras tres provincias. “Estamos moi contentos e moi satisfeitos de como saíu todo. Foi un acto moi emotivo, como todo o que ten que ver co voluntariado, que nos permitiu facer un recoñecemento aos voluntarios e, á súa vez, dar a coñecer a nosa terra”, resumía a rexedora, quen agradeceu especialmente o labor desinteresado do colectivo. Inés Vega agradeceu a presenza do director xeral de Emerxencias, Luís Menor, á vez que lamentou a ausencia do conselleiro de Vicepresidencia, Alfonso Rueda. Luís Menor, destacou a “implicación, dedicación e a importante labor altruista” que levan a cabo as distintas agrupacións en Galicia, sendo “un dous piares fun-



■ Acto no patio de armas do castelo de Castro Caldelas.

damentais non eido das emerxencias”. Menor lembrou os 775.000 euros en material investido este ano pola Xunta nas agrupacións galegas, así como o labor formativo e a campaña de motivación iniciada o ano pasado, con especial fincapé naqueles concellos que aínda non dispoñen destas agrupacións. Os voluntarios coñeceron as adegas e degustaron os caldos elabora-

dos nos viñedos da Ribeira Sacra, e asistiron a talleres especializados propios das súas tarefas, onde analizaron os métodos de control da Vespa Velutina e o funcionamento dos equipos da rede de comunicacións de emerxencia (Tetra). Tamén participaron nunha demostración práctica do remolque de emerxencias. O director xeral de Emerxencias recalcou a faceta

dos voluntarios e a súa coordinación cos bombeiros, GES, 112, corpos de seguridade e 061, para tecer unha rede de resposta profesional ante posibles emerxencias. Porque os voluntarios de Protección Civil (é dicir, xente que non cobra polo que fai) colaboran na procura de persoas desaparecidas, control de seguridade en eventos multitudinarios, colaboran en labores de seguridade viaria cando hai grandes concentracións de coches, acoden a incendios... ou van cortar as ramas dunha árbore que o vento rompe e acaba interrompendo a circulación nunha estrada. Unha chea de actuacións que se suman día tras día e ano tras ano e que non están remuneradas. A Xunta, pola súa banda, colabora coas agrupacións á hora de subvencionar vehículos, cursos de formación e equipamentos.

A mais antiga

Un grupo de participantes celebrou un xantar de confraternización na adega Valcar de

Sacardebois, en Parada de Sil, mentres que outro grupo o fixo en Adega Vella, de Abeleda (A Teixeira). Nas sobremesas fíxose entrega das cruces e medallas ao mérito aos membros fundadores da Agrupación de Voluntarios de Castro Caldelas. “É a máis antiga de Galicia e foi fundada a finais dos anos 70 por cinco membros deste concello, dos cales dous seguen en activo. Un como presidente da agrupación e xefe do Grupo de Emerxencias Supramunicipal”, sinalou a alcaldesa referíndose a Cristóbal Campos. Ademais dos Concellos de Castro Caldelas e Parada de Sil, as xornadas contaron coa participación da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e a asociación provincial de Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ourense.

itorio durante a Antigüidade Tardía: continuidades, cambios e transformacións”. Por último, José Avelino Gutiérrez González da Universidade de Oviedo expuxo “Legio e o seu territorium na época sueva”.

Premiados no “Tempranillos ao Mundo”



A dirección técnica do concurso coordinada pola Asociación Galega de Enólogos (AGE) e a Federación Española de Asociacións de Enólogos (FEAE) fixo público os galardoados en “Tempranillos ao Mundo 2016” e Certame Internacional de Brancos Galegos no que sete marcas acollidas á D.O. Ribeira Sacra foron premiadas en diferentes categorías. Os galardoados foron: Sombrero, de adega Nova Toural S.L. na categoría de Tempranillo de Ouro. Lar de Ricobao, de adega Lareira de Ricobao S.L. na categoría de Tempranillo de Ouro Viños Brancos Galegos. Os Cipreses, de adega Rabelas S.L. na categoría de Tempranillo de Prata Viños Brancos Galegos. Adega Barbado, de adega Javier Méndez Arias na categoría de Tempranillo de Prata Viños Brancos Galegos. 1904 Adega Vella, de adega

Jorge Feijóo González na categoría de Tempranillo de Prata Viños Brancos Galegos, Escalada, de Adega Algueira S.L. na categoría de Tempranillo de Prata Viños Brancos Galegos. Peza do Rei de Adega Cachín S.C. na categoría de Tempranillo de Prata Viños Brancos Galegos. Este concurso contou co respaldo institucional da Unión Internacional de Enólogos (UIOE) e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, garantes desta edición e coa participación dun panel de catadores de primeira liña mundial. O concurso aberto a todos aqueles viños elaborados, a partir da variedade Tempranillo e as súas sinonimias. Celebrouse tamén en Ourense de forma paralela o Certame Internacional de Viños Galegos. A edición de 2015 celebrábase en Porto (Portugal).

Campaña de prevención de riscos no tractor

Xunta e Subdelegación do Goberno colaboran en Ourense no desenvolvemento da campaña de prevención de riscos no tractor co obxectivo de reducir a sinistralidade neste ámbito con especial atención no rural. A delegada territorial do Goberno galego en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, e o subdelegado do Goberno, Roberto Castro, presentaron esta iniciativa conxunta, que se centra en alertar e concienciar dos riscos do manexo do tractor e dos seus apeiros, informando de cales son as causas máis recorrentes dos accidentes, e achegar as recomendacións básicas coas que se evitarían moitos sinistros deste tipo. A campaña recolle información técnica en catro ámbitos que se consideran os máis relevantes na prevención dos riscos e pola súa incidencia causal nos accidentes con tractor como son a seguridade viaria, a protección da toma de forza e do eixo cardánico, as proteccións do tractor fronte a envorcadura e medidas contra a envorcadura. Toda esta documentación plásmase nos 32.500 trípticos

e 200 carteiras que se distribuirán nos controis de tráfico da Garda Civil en estrada específicos para tractores, nos puntos fixos da ITV e nas súas unidades móbiles para os vehículos agrarios e nos concellos galegos. Esta campaña, tal e como destacou Díaz Mouteira, dá continuidade e completa outras actuacións que se están a desenvolver nos últimos anos por ambas administracións co mesmo obxectivo: reducir a sinistralidade e concienciar cara a unha cultura preventiva no uso do tractor, con especial fincapé no medio rural. A delegada territorial fixo fincapé, ademais, no labor que está a desenvolver o ISSGA para minimizar ao máximo este tipo de accidentes salientando, ao respecto, que nos accidentes mortais en tractor máis do 95% de persoas non están afiliadas ao réxime especial agrario, é dicir, son sinistros non laborais sendo a idade medida da maior parte dos sinistros de máis de 65 anos. A meirande parte deles prodúcese cando se realizan tarefas agrarias ou nos seus desprazamentos.



■ Presentación da campaña.

Galicia

Redacción OURENSE

Un sistema de aforro de auga no fogar premio Galiciencia 2016



■ Os tres primeiros premiados.

Manuel Porto, un alumno de primeiro de Bacharelato do Colexio Compañía de María, de Santiago de Compostela, de 16 anos, foi o gañador absoluto de Galiciencia 2016. A feira de exposición de proxectos de investigación e innovación realizados por equipos de estudantes tutelados polos seus profesores, celebrouse do 16 de 18 de novembro no Parque Tecnolóxico de Galicia, en Ourense. O proxecto de Manuel, titulado “Nin unha pinga de máis”, foi xa una das sensacións da feira, durante a fase de exhibición dos 75 proxectos que chegaron a esta edición de Galiciencia, 50 dos cales foron a concurso. Trátase dun dispositivo anexo á ducha, que vai avisando mediante asubíos e cores de que se están alcanzando o gasto enerxético de 95 litros de auga por ducha, que recomenda a Organización Mundial da Saúde. Se o usuario non se

dá por aludido a auga córtase durante cinco minutos “e non tes máis remedio que saír da ducha a causa do frío” explica Manuel, quen leva un smartwatch de agasalho e 1.000 euros, para financiar a súa participación noutra feira científica de carácter estatal, a Exporecerca 2017. Este proxecto de clara aplicación práctica foi o mais valorado polo xurado, formado por medio centenar de persoas.

Segundo e terceiro

O segundo premio, dotado tamén cun reloxo intelixente e con 500 euros para asistir á feira científica vasca homóloga da Galiciencia, foi Natalia Fariña, autora do “Espantallo 2.0” un espantallo co que a alumna das aulas científico-tecnolóxicas Isidro Parga Pondal de Ponteceso (A Coruña) xa conseguiu eliminar o acoso das aves, ás hortas familiar da súa

localidade natal que antes “se cargaban” as colleitas. Natalia realizou un espantallo convencional e outro de forma piramidal cunha estrutura deseñada en SketchUp e impresa en 3D, recubriuno con papel reflector, e deste xeito durante o día as aves foxen dos sementados, ao verse cegadas polo brillo cando hai sol. Ademais “pensando nos días anubrados, incluíu leds para facilitar que o papel reflectise cando non houbera sol e un dispositivo cunha placa electrónica na que están conectada unha placa de humidade, outra de son e sensor de movemento”. Canto máis potente é o sensor, máis distancia de terreo será vixiada por este espantallo con forma piramidal. O terceiro premio levouno Isabel Sáinz, do IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago, co seu sofisticado estudo sobre “o fluxo de muones con respecto ao seu ángulo cenital de incidente”. O traballo desta terceira premiada en Galiciencia 2016, polo que recibiu un smartwatch e unha axuda de 200 euros para asistir á feira científica da Coruña “analiza o fluxo de raios cósmicos con respecto ao ángulo cenital dos detectores. Concretamente, o que se detectaron foron muones as únicas partículas capaces de atravesar os detectores, que inciden na nosa superficie de maneira constante”, explica.

Un portugués vencedor da San Martiño

O portugués Nuno Pinto da Costa foi o vencedor da 40ª edición da carreira pedestre popular da San Martiño tras completar os dez quilómetros de percorrido en 30 minutos e 28 segundos. O segundo foi o corredor local Alejandro Fernández que o fixo a 11 segundos do vencedor. De terceiro entrou na meta o corredor Lolo Penas, a 34 segundos do corredor portugués. Na categoría feminina a primeira en cruzar a liña de meta foi Yoselyn Brea, que completou a proba en 35 minutos e 6 segundos. A segunda foi a corredora Ester Navarrete, que chegou a 6 segundos da vencedora e no terceiro posto finalizou Solange Pereira, que chegou a 1 minuto

e 2 segundos da mellor clasificada. Pereira fora vencedora da San Martiño 2015. Logo da carreira absoluta, tivo lugar a competición en categoría escolar na que se impuxo Arturo Ramos tras completar os 4,7 quilómetros en 15 minutos e 11 segundos. Adrián Lage, que entrou a 24 segundos e Iván Salgado que cruzou a meta a 26 do vencedor, completaron o podio masculino. Na categoría feminina Elsa Pena completou o percorrido en 17 minutos e 14 segundos. En segunda posición chegou Sara Lima, con 32 segundos respecto da gañadora. Noelia Sánchez chegou á meta con 46 segundos despois da primeira clasificada da categoría.



■ O atleta portugués da S.D. Sampaio.

Empresarios de Chile buscan formación en termalismo

Empresarios de Chile do sector termal participaron nunha misión de capacitación en distintos centros de Galicia coordinada por Termatalia, a Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar. Acudiron estes empresarios para formarse en temas relacionados cos usos tera-

péuticos das augas termais, coa tecnoloxía e os equipamentos e cos protocolos de aplicación dos tratamentos. Participaron nesta misión tres propietarios de pequenos hoteis con augas termais e un operador de turismo (Deserto Termal) procedentes de Termas de Mamiña, na Rexión de Tarapacá, ao Norte de

Chile. Esta “Prospección Tecnolóxica Termal”, como eles denominan, conta coa colaboración da Cámara de Comercio de Iquique. Durante a súa estancia en Galicia, mantiveron reunións institucionais coa Deputación e Concello de Ourense e de traballo coa Cámara de Comercio de Ourense; Asociación de Vilas Termais de España e alcaldesa de Guitiriz, Regina Polín, e co secretario do Clúster da auga Termal e Mineral de Galicia, Benigno Amor, que lles presentou o proxecto “Termalismo e Camiño de Santiago”. Durante a súa estancia en Galicia visitaron as distintas áreas termais de Ourense e varios centros como os balnearios de Laias, Augas Santas, Lugo e Guitiriz; o Centro de Adestramento de Remos de Laias, Arnoia e Castrelo (CERLA), a Ribeira Sacra e as Termas de Chaves, en Portugal.

Importadores de Colombia e China



Un grupo de importadores de Colombia e China visitaron a denominación de orixe Ribeira Sacra e o Centro do Viño de Ribeira Sacra, en Monforte. Durante a visita esti-

veron acompañados polo xerente do Inorde de Ourense, José Manuel Rodríguez, e polo presidente do Consello Regulador Ribeira Sacra, José Manuel Rodríguez González.



■ Visita á Deputación de Ourense.

Redacción OURENSE

Salón do automóbil novo e de ocasión en Expourense



■ Aspecto que ofrecía o salón en Expourense.

O 8º Salón do Automóbil-Vehículo Novo converteu a Expourense durante unha fin de semana no concesionario máis grande de Galicia ao que se achegaron ó redor de 7.000 visitantes para coñecer as últimas novidades ofrecidas pola trintena de marcas presentes, que representa o 100% dos concesionarios oficiais da provincia de Ourense. O feito de poder ver nun mesmo espazo toda a oferta en vehículos da provincia e o sorteo dun desconto de 6.000 euros (que supón o des-

conto máis grande realizado en feiras deste tipo en Galicia) entre os que mercaran aquí o seu coche contribuíu a acelerar o proceso de decisión dunha compra que require dun importante desembolso económico. Para facilitarlle á decisión aos visitantes, os concesionarios ofreceron prezos especiais de feira con descontos que ás veces superaban os 5.000 euros ou sorteos de estancias en balnearios. Cun amplo abano de prezos entre os 8.000 e os 100.000 euros, este salón ofrecía modelos de coches para

todas as necesidades. Se venderon modelos de todas as gamas, se ben parece ser que os SUV (todo terreo medianos) e os utilitarios de tamaño medio foron os máis demandados. Entre as novidades destacaron os modelos híbridos como o Toyota C-HR, que se presentou en exclusiva neste salón e que se vendía por 1.000 euros menos e co navegador como agasallo, e o Hyundai IONIQ que conta cun salpicadeiro fabricado con caña de azucre. Repetiu presenza o Road Show de Mazda que permitía probar todas as novidades acompañados de monitores da marca chegados dende distintas partes de España. Atenderon en total a máis de 300 interesados entre os que sortearán un curso de condución deportiva durante unha fin de semana en Albacete con todos os gastos pagados. O 8º Salón do Automóbil continuou a fin de semana seguinte (25 a 27 de novembro) coa celebración da edición adicada ó Vehículo de Ocasión no que volveron a estar presentes os 17 concesionarios asociados a A.C.A.U.T.O. As vendas realizadas neste salón tamén estiveron incluídas na achega de 15 euros por vehículo vendido que fixo a Asociación a Cáritas Ourense.

Megaxove en Expourense



Expourense finaliza o calendario feiral do 2016 coa celebración de Megaxove, que ata o 8 de decembro, ofrecerá máis de 150 actividades de lecer e deportivas que converterán ao recinto no punto de encontro da mocidade galega. Nunha superficie de 8.000 metros cadrados daranse cita 26 expositores entre federacións e clubs deportivos, asociacións culturais e xuvenís de toda Galicia



Xantar



**18º Salón Internacional de Turismo Gastronómico
OURENSE, DO 1 Ó 5 DE FEBREIRO DE 2017**



www.xantar.org




**Descubra en Galicia a mellor cociña
da Península Ibérica e Países Convidados**

Organiza:



Co apoio de:



Galicia

Redacción OURENSE

Congreso internacional de San Martiño de Tours en Ourense



■ Visita ao Centro de interpretación e xacemento de Aquis Querquennis. (Bande).

Celebrouse en Ourense o Congreso Internacional de San Martiño de Tours. Na última xornada os participantes visitaron Cea onde realizaron un pequeno tramo a pé da Vía da Prata do Camiño de Santiago e ao chegar ao mosteiro de Oseira gozaron dunha visita guiada. Pola tarde no Pazo de Vilamarín retomaron a temática abordada na xornada anterior sobre a evolución dos bispados na Gallaecia da época Sueva. Entreviú Miguel Alba Calzado do Consorcio Monumental da Cidade de Mérida, que presentou “Augusta Emérita e a cristianización da cidade na Antigüidade tardía”. Falou da cidade de Mérida e do proceso de cristianización da cidade dos século V ao VII. Luís O. Fontes, da Unidade de Arqueoloxía da Universidade do Minho, Braga, falou de “Bracara, capital do Reino Suevo: a cidade e o territorio ao tempo de São Martinho de Dume”. Luís O. Fontes ofreceu un relatorio no que explicou a evolución da cidade de Braga, ao norte de Portugal, que foi a capital do Reino Suevo, tanto da cidade como do seu territorio inmediato nos séculos V e VI, pois Dumio, que se atopa ao carón de Braga, foi un mosteiro fundado por San Martín de Dumio. Lino Augusto Tavares Dias do Centro de Estudos de Arquitectura e Urbanismo da Universidade do Porto, presentou “Tongobriga, de ciutas a “parroqui sueva”. Falou da cidade de Tongobriga na localidade de Freixo, preto do Porto, na antigüidade tardía. Virgilio Lopes do Campo Arqueolóxico de Mértola, presentou “Mértola, de portus a cristiana ciuitas”, e abordou o tema da evolución de Mértola desde a súa etapa como porto romano ao bispado dos séculos V ao VII. Na clausura interviron o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández; o coordinador do congreso, Jorge López Quiroga; e o secretario científico do congreso, Artemio M. Martínez.

Liceo

O Liceo de Ourense foi o escenario doutra xornada na que Jorge López

Quiroga, da Universidade Autónoma de Madrid e coordinador do congreso, expuxo no seu relatorio o marco xeral do proceso de cristianización na Gallaecia no ámbito rural nos séculos V e VI. “Unha panorámica sobre o que sabemos do proceso de cristianización, os restos e as evidencias que temos como introdución aos relatorios sobre estudos máis detallados de distintos bispados”, sinalou Jorge López Quiroga. O coordinador do congreso explicou no seu relatorio que a cristianización é “un fenómeno do que hai evidencias temperás, pero moi problemático á hora de definir cronoloxías exactas para os séculos IV e V, e é moito máis claro no século VI cando eclosiona coa actividade de San Martín de Dumio, como se mostra nos textos e en evidencias materiais”. Chegado desde Viena por primeira vez en España, o director do Instituto de Estudos Medievais, Walter Pohl, é unha das persoas que renovou o estudo dos “Bárbaros”,



■ Os congresistas en San Pedro de Rocas (Esgos).

entre eles os suevos, ofrecendo unha nova visión sobre a identidade que non se enfoca hoxe en día como unha cuestión étnica, é dicir, non se fala de pobos que non cambian ao longo do tempo, desde o punto racial senón que, o que hai é unha mestizaxe de moitos pobos e a identidade que eles constrúen depende do contexto socio político. Todos os bárbaros queren imitar a Roma é o seu modelo, e todos queren ser ro-

manos pero teñen as súas costumes. Na súa intervención aportou a súa visión sobre cómo se enfoca, hoxe en día, o estudo destes pobos, por exemplo o dos suevos que chegaron á Gallaecia e cómo constrúen esa identidade, por exemplo coa conversión á catolicismo, ao arrianismo, é unha forma de buscar a identidade. Pola súa parte, Tivadar Vida da Universidade de Budapest, abordou a cuestión da cristianización na zona de onde son orixinarios San Martín de Tours e San Martín de Dumio, ambos son da Pannonia, e presentou un panorama, desde o punto de vista da arqueoloxía, das evidencias, dos restos, de elementos de cristianización ligados á actividade de San Martín e cómo se relaciona coa poboación que estaba alí. Presentou un proceso de cristianización moi similar ao de aquí. De feito é moi probable que San Martín de Dumio, que foi quen difundiu o culto de San Martín de Tours, puido converter aos suevos porque era orixinario da mesma rexión, os suevos tamén estaban instalados nesa rexión, un paralelo directo que nos permite entender moitas cousas aquí. Christine Delaplace da Universidade de Caen, catedrática de Historia Antiga, falou da actividade de San Martín de Tours, bispo de Tours, na Galia, en Francia, desde unha perspectiva dos textos e da arqueoloxía e, Miljenko Jurkovic, da Universidade de Zagreb, Croacia, presenta un panorama de cristianización de Dalmacia (costa da Croacia actual), un territorio cunhas dimensións similares a Galicia, hai 18 bispados, algo que nin no

drid que presentou a “Arquitectura cristiá no Regnum Suevorum Hispaniae (411-585 AD): entre o ideal e a praxis”. Falou do espazo arquitectónico cristián no ámbito xeohistórico do reino Suevo, tendo presente que os Suevos convertéronse ao catolicismo dúas veces, aínda que non se sabe ben se desde o paganismo ou o arrianismo: a primeira, a título persoal e familiar con Requiario; e a segunda, a do pobo, propiciada pola actividade do panonio San Martín, bispo de Braga, coñecido como “Apóstol dos Suevos”, e difusor do culto a San Martín de Tours entre os

había entre o reino Suevo e o Godo, incidindo nas diferenzas relixiosas que existían entre ambos pobos que se convertían ao cristianismo ou ao arrianismo atendendo ao interese ou a cuestións políticas. Adolfo Fernández Fernández, da Facultade de Historia da Universidade de Vigo, pechou a xornada co relatorio “O noroeste peninsular como centro neuráxico do comercio atlántico durante os séculos V ao VII. Unha perspectiva novidosa da Gallaecia suevo-visigoda desde os datos arqueo-históricos”. Na súa intervención ofreceu un panorama a través



■ Na igrexa do mosteiro de Oseira. (San Cristovo de Cea).

Suevos. Marcos V. García Quintela, da Universidade de Santiago de Compostela falou da “Construción da paisaxe cristiá de Galicia: estudo interdisciplinar e mirada antropolóxica”. Na súa intervención presentará unha síntese dos traballos multidisciplinares levados a cabo nos últimos anos en torno ao tema anunciado enfatizando o interese da mirada antropolóxica como criterio aglutinador de eses traballos. Marcos V. García realizou unha lectura antropolóxica de cómo se vai conformando a paisaxe cristiá en Galicia, é dicir, cómo se pasa do mundo prerromano á cristianización a través da lectura antropolóxica da paisaxe.

Miguel Ángel González García, director do Arquivo Histórico Diocesano de Ourense e do Museo Catedralicio de Ourense, falou da memoria de San Martín de Tours no Ourense Medieval: iconografía e reliquias. Miguel Ángel González presentou a evolución iconográfica de San Martín de Tours, a través das imaxes e das reliquias do Ourense medieval. Luís A. García Moreno da Universidade de Alcalá referiuse a “diverxencia relixiosa e construción de identidades étnico-políticas nos Reinos suevo e godo”. Continuando na liña de Walter Pohl, explicou cómo se constrúe a identidade étnica e política dos reinos Suevo e Godo, a través da disciplina prosopografía, estudo dos antropónimos, dos nomes das persoas ao longo do tempo. Falou das diferenzas que

dos descubrimentos das escavacións arqueolóxicas realizadas nos últimos anos en Vigo e os arredores para falar dos contactos comerciais, entre os séculos V e VII, no momento do reino Suevo. Como novidade, conectará este comercio e a presenza de importacións, co desenvolvemento dos bispados na costa atlántica de Galicia.

San Pedro de Rocas

O 17 de novembro os participantes visitaron os mosteiros de San Pedro de Rocas, Santa Cristina de Ribas de Sil, e ao de Santo Estevo de Ribas de Sil. Pola tarde, as actividades trasladáronse á Facultade de Historia da Universidade de Vigo no Campus de Ourense, onde Antonio Rodríguez Colmenero da Universidade de Santiago de Compostela, ofreceu o relatorio “Lucus Augusti: de Santuario de Augusto a Sede Metropolitana”. Posteriormente, interviu José Suárez Otero, da Universidade de California, para falar de “El Locus Sanctus Iacobi” e a cristianización do Noroeste hispánico, ca. S. IV-VI AD. Acotacións arqueolóxicas ao enigma compostelán”. Despois do descanso, Fermín Pérez Losada da Universidade de Vigo presentou “Tude /Tui) e o seu territorio durante a Antigüidade Tardía: continuidades, cambios e transformacións”. Por último, José Avelino Gutiérrez González da Universidade de Oviedo expuxo “Legio e o seu territorio na época sueva”.

maior momento de expansión do cristianismo aquí se deu.

Celanova

Os participantes visitaron o día 16 de novembro o mosteiro de San Salvador de Celanova, a capela de San Miguel, o Centro de interpretación e xacemento de Aquis Querquennis, e a Igrexa de Santa Comba de Bande. Entreviú Artemio M. Martínez Tejera, da Universidade Autónoma de Ma-

Santarém e Vila Nova de Gaia premiadas en Funergal

Funergal 2016 celebrou a súa edición máis completa na que viu superadas as cifras das oito edicións anteriores no que respecta número de expositores (110), superficie expositiva e países representados (14). A 9ª edición da Feira Internacional de Produtos e Servizos Funerarios conseguiu a visita de máis de 4.000 profesionais e a satisfacción xeneralizada dos expositores que xa a situaron como unha das grandes citas internacionais do sector, sendo a única celebrada na Península neste ano. Contou coa presenza de grandes grupos funerarios de España (Funespaña, Interfunerarias, Grupo Albía e Parcesa). Estes expositores compartiron espazo cos principais fabricantes de cadaleitos, fornos crematorios, urnas, vehículos fúnebres e outros artigos funerarios de España e Portugal e de Italia, Holanda e Alemaña que se reuniron cos importadores de Perú, Chile, México e Colombia que participan na misión comercial internacional desta edición.

Premios

Durante a xa tradicional cea de convivencia entre expositores, Funergal entregou os seus premios especiais que recoñeceron as novas iniciativas profesionais e empresariais neste sector presentes na feira. Estes premios convocáronse para celebrar a concesión do Selo de Internacionalidad e o salto cualitativo que deu a feira desde entón. As categorías que se contemplaron nesta convocatoria foron: Mellor caxeta: Fillos de Luís Chao Sobrino (Ribadavia, Ourense). Mellor Produto/Servizo Innovador: Cork Soul. Esta empresa de Santarém (Portugal) presentou as primeiras urnas realizadas en cortiza natural. Nesta categoría houbo un accésit para Sortem (Barcelona) polas súas urnas de cartón. Mellor Acción Promocional: PANASEF, a Asociación Nacional de Servizos Funerarios que realizaron unha intensa campaña de promoción para convocar aos seus asociados a visitar Funergal.



■ Empresas premiadas pola Guía Funeraria en Funergal 2016.

Nesta categoría houbo tamén unha mención especial para a empresa Irmaos Salgueiro (Vila Nova de Gaia) pola difusión que realizaron de Funergal a través das redes sociais. Internacionalización: A Guía Funeraria (Madrid) porque facilitou a promoción de Funergal nas principais feiras mundiais do sector. Nesta categoría houbo un accésit para a empresa CEABIS de Grupo Vezzani, unha das principais do sector a nivel mundial. Ademais, este acto

acolheu a entrega do Premio ao ?Mellor directivo funerario? outorgado pola Guía Funeraria e que recaeu en José Vicente Aparicio Ferri, subdirector xeral de Funespaña. A Guía Funeraria entregou os seus premios como unha das actividades que puxo punto e final a esta edición de Funergal. As empresas recoñecidas foron: www.fotoesquelas.com de Ourense (Servizo innovador); PANASEF (Premio Mellor Campaña de Publicidade e relacións Públicas)

pola súa campaña sobre “O orgullo de ser funerario”; SORTEM de Barcelona (produto innovador) polas súas urnas biodegradables e as prácticas de tanatopraxia que realizou en feira; e Beto Gil de México (Internacionalización) polos cursos que impartiu en feiras sobre vendas no sector funerario. Funergal 2016 contou coa colaboración do IGAPE e da Deputación de Ourense, ademais das principais asociacións nacionais do sector de España e Portugal.

Ponte de Lima Premio Especial Calidade en Expourense



■ Paulo Barreiro Sousa vereador de Turismo de Ponte de Lima, á dereita.

A Cámara Municipal de Ponte de Lima, (Portugal); Aspronaga; Obras Civiles del Atlántico; Centro Médico El Carmen (Ourense); Canosa e Xerencia de Xestión Integrada da Coruña foron os premiados no Día Mundial da Calidade 2016 e que Expourense conmemorou organizando unha Xornada de Exaltación. A programación incluíu a entrega dos Premios “Líderes en Calidade” a empresas e institucións galegas recoñecidas por ser un modelo a seguir nos seus respectivos sectores e das que destaca o seu compromiso coa

calidade e co medio natural. Traouse do único acto celebrado en Galicia vencellado con este día mundial. Esta iniciativa contou co apoio do IGAPE e tivo como obxectivo sensibilizar tanto a empresas privadas como a entidades públicas da necesidade de incorporar aos seus modelos de xestión as directrices da calidade e do medio natural, co fin de prestar servizos eficientes e acadar a satisfacción do cliente. Deste xeito, poténsiase a existencia de empresas e administracións competitivas nun escenario globalizado.

VI Premios

Por sexto ano consecutivo, un xurado integrado polo Comité Executivo de Expourense, a entidade de certificación AENOR e a consultora Serviguide, elixiu ás empresas e institucións merecedoras dos premios “Líderes en Calidade” a empresas e entidades galegas. Estas pertencen aos sectores que máis preocupan ao cidadán como son Alimentación, Sanidade, Educación e Medioambiente-Sustentabilidade; pero tamén ao empresario como é o caso da internacionalización, nun momento no que contar con estas certificacións convértese nun requisito case imprescindible á hora de exportar o produto. Os premios foron entre-

gados por membros do Comité executivo de Expourense e o acto contou coa intervención do alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, quen destacou que “a esixencia é a base dun traballo de calidade”.

Ponte de Lima

Como novidade nesta edición entregouse un Premio Especial á Cámara Municipal de Ponte de Lima (Portugal), entidade coa que Expourense mantén estreitas relacións de cooperación transfronteiriça. Recoñécese á innovación e o éxito da campaña turística “Em época baixa, Ponte de Lima en alta”, que consiste na organización durante os meses de outono e inverno de numerosos

eventos que contribúen ó desenvolvemento económico das potencialidades locais e das empresas vencelladas a elas (gastronomía, agricultura, medioambiente e comercio entre outras) ao tempo que dinamizan o turismo de proximidade. O premio foi recollido polo vereador de Turismo de Ponte de Lima, Paulo Barreiro Sousa. Con esta actividade xa habitual no calendario de eventos de Expourense, a Fundación contribúe a cumprir os seus obxectivos anuais que pasan por fomentar entre as empresas en particular e o resto da sociedade en xeral: a Internacionalización, a Calidade, a Innovación, Emprendemento e a Formación.



■ Persoal do Centro Médico El Carmen.

Plan director para o mosteiro de Montederramo



■ Elimínase a vexetación dos muros e a cuberta.

A Xunta adxudicou a redacción do plan director das obras para suprimir as filtracións de auga desde o tellado do mosteiro de Santa María de Montederramo. O obxectivo é “definir as liñas de actuación de cara ao futuro no eido da súa conservación e das propostas para o seu desenvolvemento sus-

tentable, de xeito compatible cos seus valores culturais e de identidades”, explican na Dirección Xeral de Patrimonio. Unha empresa de arquitectos traballa na redacción do plan director, do que xa se entregaron tres fases e queda pendente outra para o próximo ano. O documento ten un custo de 38.332,80 euros.

Derivado do plan director coñeceranse as actuacións uxentes que se levaran a cabo no mosteiro para garantir a súa conservación. Son uns traballos xa adxudicados a Coviastec por valor de 57.774,34 euros. O diñeiro destinarase para eliminar a vexetación nos muros e a cuberta, consolidar os beirís e in-

corporar placas de fibrocemento baixo tézaa naqueles puntos onde non o haxa, impermeabilizar os tellados e limas con láminas flexibles, e selar e impermeabilizar a fábrica de pedra da cúpula así como o canlón perimetral e as unións da cuberta do ciborio. Instalaranse liñas de vida nas cubertas para garantir a seguridade nos traballos de mantemento, colocaranse dúas escaleiras metálicas exteriores para o acceso ás cubertas da igrexa e o ciborio, e adaptaranse os percorridos de mantemento polas cubertas para dar un acceso cómodo e seguro a todos os puntos. A ausencia de mantemento nos últimos anos, xa que o colexio está pechado, provocou a deterioración de certas partes, especialmente cubertas e paramentos que están provocando a entrada de auga e problemas de seguridade na contorna pola caída de tezas pertencentes ao aleiro das cubertas. Ademais, as continuas filtracións do tellado produciron graves danos no material pétreo, e o sal e as xeadas actuaron lesionando as estruturas

“apreciándose perda de material, arenizacións e deplacacións, especialmente nos tramos preto do acceso”, indica o plan director.

Eficiencia enerxética

O director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), ditou resolución de concesión de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, por medio de proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración Local, sobre a base da convocatoria de subvencións. O importe das axudas foron para a Praza de Montederramo de 10.117,41 € e para Vilariño Frio de 16.776,04 €. Por resolución do director xeral de Agader aprobouse o Plan Marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, polo que se executou a obra por importe de 73.215,64 €, sendo a subvención de AGADER de 60.508,79€.

A oposición fai unha “diagnose negativa” do Concello

Ourense en Común, Democracia Ourensana e PSOE celebraron reunión para avaliar o estado do Concello de Ourense. Os tres grupos compartiron na xuntanza unha diagnose negativa do goberno do Partido Popular, “que non quere dialogar aínda estando en minoría, e mantén por tanto bloqueada a cidade”. Na reunión plantexouse a idea de trazar unha estratexia conxunta de oposición para o que os grupos estableceron xa un calendario de traballo, sobre o que se volverán reunir co fin de avaliar por diferentes áreas as necesidades que o goberno popular debe asumir e así poder establecer unha oposición forte que sexa quen de presionar ao goberno a solucionar as deficiencias que téñ a cidade. Perante unha eventual moción de censura, Ourense en Común mantense fiel ao seu código de bo goberno e explica que “imos alí a onde nos chaman para falar sobre decisións que poden afectar ao noso municipio, agora ben, non participaremos nesta lexislatura dun goberno de coalición. De darse esa moción, o noso voto estaría condicionado ao modelo de cidade e de xestión proposto. Porque o importante non é quen é alcalde, senón para qué”.

Asociacións veciñais

Ourense en Común optou pola abstención ante o expediente de modificación de crédito que se votou nun pleno extraordinario. O grupo defendía que “atender as peticións das veciñas é unha obriga diaria, establecendo prioridades e facendo as obras de xeito ordenado e paulatinamente cando corresponda”. “Este expediente que o Partido Popular xa intentou colar no pleno ordinario anterior, responde a unha vontade preferente de PP e PSOE para coas federacións Limiar e Miño, afíns a estes partidos”, e “deixa ignoradas as peticións daquelas asociacións veciñais que non están adheridas a estas federacións. Por un principio de solidariedade e participación, debería facerse unha chamada aberta para que todos os veciños de Ourense puideran plantexar as necesidades que teñen nos seus barrios”, apuntaba Miguel Doval no transcurso da sesión plenaria. Ourense en Común denunciaba que “lonxe de ser participativo e recoller realmente as demandas veciñais, este plan de obras foi cociñado entre PP, PSOE e estas dúas federacións, deixando ao lado ás asociacións veciñais non



■ Concelleiros de Ourense en Común na bancada traseira.

federadas e aos grupos de Ourense en Común e Democracia Ourensana, que non foron consultados nin informados debidamente sobre esta cuestión”. O expediente aprobado neste pleno extraordinario contén un total de 76 obras, na meirande parte de pavimentación e asfaltado de rúas e vías sobre as que os informes técnicos non especifican a súa titularidade. Nalgúns casos “afectan a terreos e viais que son titularidade do Ministerio de Fomento e non do pro-

prio Concello, polo que non é o Concello quen debe arranxalas”. Ourense en Común denunciaba ademais que “o argumento que se utilizou para xustificar a urxencia desta modificación orzamentaria foi totalmente falso, xa que no pasado pleno apuntábase a que este expediente se tiña que aprobar inmediatamente e en caso contrario demorariase ata o pleno do 2 de decembro, polo que non entraría neste exercicio económico”. “Esta falsedade púxose de manifesto

con este pleno extraordinario só uns días despois, que evidencia que puideron aprobar esta modificación e que a premura non era tanto unha cuestión de tempos, senon de intereses”. Miguel Doval felicitou no pleno ás asociacións que se van beneficiar destas obras e apelou tamén ás que non se verán beneficiadas, a que insistan nas súas demandas, solicitando ao grupo de goberno a “exercer a solidariedade a todos os barrios, veciños e veciñas de Ourense”.

Redacción VIGO

Caballero felicita "á cidadanía" porque a Área Metropolitana de Vigo xa é unha realidade

A Área Metropolitana de Vigo xa deu os seus primeiros pasos administrativos, requisitos formais previos a convocatoria da Xunta de Goberno, segundo explicou hoxe venres o acabado de nomear presidente. Caballero felicitou á cidadanía pola posta en marcha do ente supramunicipal ao tempo que reivindicou a súa autonomía, equiparándoo a os municipios ou deputacións.

Abel Caballero cualificou hoxe venres a Área Metropolitana de Vigo como unha grande institución en Galicia, España e, incluso Europa, no inicio dunha rolda de prensa na que reivindicou a autonomía do ente, equiparándoo aos concellos ou as deputacións. Logo de "darlle a cidadanía os parabéns porque a Área Metropolitana de Vigo xa é unha realidade", o rexedor avanzou que xa se está a traballar no avance do ente. De feito, o secretario remitiu hoxe ao rexistro de Entidades Locais da Xunta a certificación do acordo constituínte para a inscrición da nova entidade. Tamén se remitiu escrito á Dirección Xeral de Administración Local para o nomeamento acumulado de un secretario e un interventor, e outro a todos os concelleiros



ros metropolitanos instándolles ao constituírse en grupos políticos metropolitanos. Unha vez cumprimentados eses trámites,

apostilou o rexedor, convocárase a Xunta de Goberno para nomear aos catro vicepresidentes.

Respecto dos concelleiros metro-

politanos do PP que onte abandonaron a sesión constitutiva, dixo que "algúns onte esqueceron á xente, fixeron política fili-

busteira, obedecendo a Feijóo e a Rueda" pero non conseguiron paralizar a Área, precisou. Na súa opinión, o PP evidenciou que nunca quixo a Área Metropolitana e que só querían freala, ao tempo que destacou que foron oito as forzas políticas que "lle deron unha lección de democracia ao PP permanecendo la sesión constitutiva e cumprindo coas súas obrigas coa cidadanía. O acabado de nomear presidente, resaltou que foi elixido en primeira volta e por maioría absoluta con apoios dos seguintes grupos políticos: PSOE, BNG, Gañamos, Alternativa Canguesa de Esquerdas, Movemento Salceda y Marea de Vigo. Tamén quedou na sala o representante da Agrupación de Electores de Redondela, malia o seu voto en contra da candidatura de Caballero.

Redacción OURENSE

XXI Feira de Outono en Allariz



■ Postos de produtos no Mercado da Reserva da Biosfera.

Allariz celebrou a vixésimo primeira Feira de Outono. O evento gastronómico tiña por obxectivo promover, potenciar e valorizar os produtos de outono. Así, no pavillón do Instituto de Allariz máis dunha trintena de produtores venderon mel, cogomelos, noces, castañas e os seus derivados, entre ou-

tros. Houbo unha exposición micolóxica, no Mercado de Produtos da Reserva da Biosfera, e charlas coloquio sobre cogomelos, concursos e demostracións de cociña en vivo e actividades para adultos e maiores. Ademais, os restaurantes e taparías da vila ofreceron menús e tapas elaboradas con produtos de outono.

XV magosto en Pena Vixía

Na praza ourensá de Pena Vixía, a Asociación Camiño Real e a Lexión Irmandiña celebraron o XV magosto coa participación de cen persoas procedentes de Pontevedra, Vilalba, A Coruña, Ourense, Ferrol, Vigo, Sevilla, Asturias, Valladolid, Madrid e Norte de Portugal. Os convidados foron recibidos polo anfitrión, Antonio Pereiras Penabad, na súa casa da Pena Vixía onde se celebrou o xantar e o magosto vespertino. No

xantar degustaron empanada, xamón, embutidos, queixos, polbo con cachelos, bica e cañas de Luzía a portuguesa, tamén presente, ademais de viños, refrescos, cervexa, café de pota e licores. Pola tarde fixeron "o paseíllo" polo casco vello de Ourense entronizando o magosto. A comitiva voltou a Auria Bela para asistir ao magosto de castañas con chourizos, caldo e viños animado con cantares populares e fados.



■ Os participantes no magosto á chegada para o xantar.

Galicia

Redacción SANTIAGO DE COMPOSTELA

"Vivir Santiago" ofrece actividades para estudantes



■ Carmela Sánchez, Manuel Dios e Xosé M. Rodríguez-Abella.

a concelleiro de Educación e Cidadanía, Manuel Dios, presentou o programa Vivir Santiago, que ofrecerá ao alumnado de primaria e secundaria do concello unha serie de actividades que teñen como obxectivo coñecer o patrimonio de Compostela. Entre as actividades

ofertadas destaca unha visita guiada ao Concello dunha duración de 60 minutos, os luns, para coñecer o edificio histórico e o funcionamento administrativo. Visitaranse diferentes espazos, servizos e bens patrimoniais que hai na casa consistorial. Preténdese deste xeito que o alumando

coñeza a organización social da súa contorna próxima e as súa estrutura de goberno, identificando as funcións e servizos dos seus diversos organismos. Tamén se realizará un percorrido histórico pola cidade co obxectivo de identificar os principais períodos históricos presentes na configu-

ración da cidade. Con saída do miradoiro situado no parque da Alameda, o percorrido continúa pola Porta Faxeira, praza do Toural, rúa Nova, Mazarelos, rúa do Castro, Quintana e Praterías, para rematar na praza do Obradoiro. A actividade, cunha duración de 75 minutos, está dirixida a centros educativos de educación primaria e secundaria e realízase os martes. Os mércores será a quenda do itinerario polo cemiterio municipal de Boisaca, cos obxectivos de achegar o seu patrimonio á comunidade educativa. Ten unha duración de 90 minutos. Enterramentos megalíticos que serían os antecedentes prehistóricos dos sepulcros medievais, sendo o sartego máis coñecido o do Apóstolo Santiago da Catedral. Un percorrido no que tampouco debemos esquecer o Panteón de Galegos Ilustres, recintos xa desaparecidos ou en desuso e os camposantos das parroquias. Os xoves é a quenda

dos itinerarios guiados pola Alameda, co obxectivo de coñecer a súa historia e de identificar os principais bens escultóricos e arquitectónicos. Con saída da escultura das Marias, obra de César Lombra, proseguirase cara a de Valle-Inclán, a Leiteira, Rosalía, o edificio da actual gardaría de Santa Susana, a igrexa e o palco da música. A actividade ten unha duración de 60 minutos. Os venres haberá unha serie de visitas comentadas polas instalacións exteriores e interiores da EDAR e da ETAP, co fin de concienciar e reflexionar sobre a importancia do uso controlado da auga e do seu uso sostible, da xestión e da protección da auga doce, contribuíndo así a formar cidadáns responsables. A actividade está dirixida a alumnado de educación primaria e secundaria, ten unha duración de 90 minutos e farase de acordo cun calendario de visitas fixado cos técnicos das estacións.

A Real Filharmonía pon banda sonora a Metrópolis



■ O filme Metrópolis proxectouse no Auditorio de Galicia.

Na 30ª edición do festival Cineuropa proxectouse o filme Metrópolis, dirixido en 1927 por Fritz Lang e con música do compositor alemán Gottfried Huppertz. De maneira simultánea á proxección desta película muda, a Real Filharmonía de Galicia interpretou en directo a banda sonora orixinal, baixo a batuta do director andaluz Manuel Coves. O filme e as partituras foron cedidas polo European Film Philharmonic Institute. Metrópolis é unha película de culto do cinema mudo e referente do expresionismo alemán, de ciencia ficción. Ofrece unha visión apocalíptica da sociedade do futuro. A acción transcorre no ano 2000, na megalópole de Metrópolis, onde a sociedade divídese en dúas clases: os ricos, que teñen o poder e os medios de produción, rodeados de

luxos, espazos amplos e xardíns; e os obreiros, condenados a vivir en condicións dramáticas recluídos nun gueto subterráneo, onde se atopa o corazón industrial da cidade. Un día Freder, o fillo do todopoderoso Joh Fredersen, o home que controla a cidade, descobre os duros aspectos laborais dos obreiros tras namorarse de María, unha rapariga de orixe humilde, venerada polas clases baixas e que predica os bos sentimentos e o amor. O fillo advirte ao seu pai que os traballadores poderían rebelarse. No seu día foi unha gran superprodución da potente produtora alemá UFA, pero foi un fracaso de público. No ano 2010 estreouse a versión íntegra - e orixinal - de Metrópolis, tal e como a concibiu Fritz Lang, con 25 minutos máis de metraje.

A Policía Local estreou nove vehículos

O alcalde, Martiño Noriega, e o concelleiro de Medio Ambiente e Mobilidade, Xan Duro, presentaron os novos coches da Policía Local, nun acto no que participou tamén o inspector principal do Corpo, José Manuel Traba. A incorporación destes vehículos era unha vella demanda da Policía Local, que viña utilizando un parque móbil moi envellecido. As novas incorporacións ao parque móbil da Policía Local son oito monovolumes do modelo Ford C-MAX, presupostados en 342.680 euros máis IVE; e un todoterreo que supuxo un investimento de 53.328 euros máis IVE. O Concello adquiriu os vehículos baixo o sistema de ren-

ting, de xeito que pagará esas cantidades en catro anos. O concelleiro de Medio Ambiente e Mobilidade explicou que os nove vehículos "están dotados coas últimas tecnoloxías, como pantallas retráctiles e altosfalantes exteriores ou GPS". Xan Duro explicou que a chegada dos oito monovolumes e o todoterreo permitirá dar de baixa algúns dos vehículos máis antigos da Policía Local "que está utilizando ata oito coches matriculados en 1998 e que se superan os 400.000 quilómetros de uso". Outros coches do Corpo achéganse aos 300.000 quilómetros. Ata os de agora, os vehículos máis novos da Policía Local foran comprados en 2010.



■ O alcalde e o concelleiro Xan Duro con policías locais.

Redacción A CORUÑA

“Os Orzamentos Participativos deben ser un mecanismo estrutural de democracia directa”, Claudia Delso, concelleira de Participación e Innovación



A concelleira trasladou aos grupos municipais, durante a Comisión de Participación, o estudo elaborado en relación ao proceso de Orzamentos Participativos posto en marcha este ano polo Goberno local,

un informe exhaustivo que inclúe cifras detalladas relativas á participación da veciñanza coruñesa, así como mapas e documentación sobre o transcurso e incidencia deste proceso participativo.

Como salienta a responsable municipal, trátase “da primeira experiencia de democracia directa que se desenvolve no Concello da Coruña, e o seu resultado terá unha incidencia directa na acción de Goberno, posto que os proxec-

tos máis votados pola cidadanía formarán parte do proxecto orzamentario do Goberno local de 2017 para que poidan converterse nunha realidade”.

O informe –que se axunta– contén información pormenorizada da participación da veciñanza coruñesa na experiencia piloto iniciada este ano pero que, como destaca a concelleira, “ten vocación de converterse nun mecanismo estrutural

Tal e como fai notar a responsable municipal, o informe vén a ratificar a boa acollida que tivo na cidade o programa de Orzamentos Participativos e a demostrar “o uso responsable que fai a cidadanía dos espazos de democracia directa cando estes se activan”. A este respecto, fai notar que, de media, as persoas participantes votaron cinco das propostas, o que deu como resultado que o millón de euros asignado a estes primeiros Orzamentos Par-

ticipativos para seren incluído no capítulo de Investimentos do Presuposto de 2017 se reparta en 21 proxectos, que teñen que ver con aspectos diversos, como a accesibilidade, o transporte público, o reverdecemento da cidade e as melloras ambientais e da biodiversidade ou o espazo público e a súa compatibilidade cos espazos para animais, entre outros.

Do mesmo xeito, Delso pon de relevo que 90 entidades da cidade fixeron propostas, dentro das case 2.000 persoas que formaron parte do proceso, “o que demonstra que a cidadanía, tanto a organizada como a que non o está, fai uso dos espazos de participación que se abren”, e destaca o “equilibrio que se advirte en canto a xénero das persoas participantes” ou a maior implicación das persoas de entre 29 e 39 anos, cuxa participación duplica a media global do proceso.

Xulio Ferreiro, alcalde, cos empresarios/as no viveiro de empresas Accede Papagaio



O rexedor, acompañado polo concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema, indicou que as institucións “deben replantexarse” o modelo de colaboración co sector empresarial. “Non se trata de sacar as tesoiras, trátase de atar lazos”, afirmou Ferreiro. “Desde este Goberno local apostamos fortemente polos modelos cooperativos, pola economía social e, por construír, de forma conxunta, espazos onde poder levar a cabo esas interaccións, como no

centro Accede Papagaio no que nos atopamos”, sinalou.

O primeiro edil coruñés tamén avanzou que, de cara ao proxecto orzamentario do grupo de goberno para o ano que vén, “terase en conta especialmente á pequena e mediana empresa, así como aos e ás autónomas, entendendo que é preciso establecer redes de cooperación, de encontro entre empresas que poden ser proveedoras entre si, ou que ofrezan servizos complementarios”.

Manifestación contra a violencia machista

Membros da Corporación municipal e alcaldes da comarca amosaron o seu apoio á campaña ‘A Coruña en negro contra as violencias machistas’, no Pazo de María Pita. Unha iniciativa de sensibilización que se desenvolve en 17 concellos de toda Galicia, entre os días 18 e 28 de novembro, para mostrar a repulsa colectiva contra as violencias machistas.

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, destacou o “compromiso absoluto” do Concello da Coruña “contra esta situación de violencia contra as mulleres e que cómpre visibilizar”. O rexedor lembrou que 300 entidades do ámbito deportivo, comercial, hostaleiro, así como os distintos servizos municipais, sumáronse á campaña ‘A Coruña en negro’, “que mostra a unión de toda a sociedade, sen fisuras, contra as violencias machistas”.



Galicia

PONTEVEDRA

O Concello informa que a Deputación de Pontevedra convoca as subvencións a deportistas individuais

Estas axudas están destinadas a deportistas non profesionais que participen en eventos deportivos de carácter nacional –fóra da CC.AA. de Galicia- e internacional, incluídos no calendario oficial da federación. A concellería de Deportes, dirixida por Benito Márquez, informa das axudas convocadas pola Deputación de Pontevedra para todos aqueles deportistas individuais, non profesionais, da provincia. É obxecto destas bases específicas o outorgamento, mediante o procedemento de concorrencia competitiva ordinaria, de axudas económicas a deportistas individuais da provincia de Pontevedra,

non profesionais, que participen en eventos deportivos de carácter nacional –fóra da Comunidade Autónoma de Galicia- e internacional, incluídos dentro do calendario oficial da federación correspondente. As persoas solicitantes poderán presentar, no marco desta convocatoria, proxectos de actividades deportivas realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o fin do prazo de presentación de solicitudes. Toda a documentación necesaria para presentar as solicitudes pode ser consultada nas bases publicadas polo organismo provincial na súa web oficial: www.depo.es.

Un curso denuncia a discriminación por idade



■ O xeriatra vigués Javier Pérez Martín.

A discriminación por idade (edadismo) preocupa aos xeriatras galegos desde hai tempo. Javier Pérez Martín, docente en xeriatría e vicepresidente da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría (SGXX), alertou de que este fenómeno vulnera “a dignidade e os dereitos das persoas maiores”. O xeriatra, que participou no I Curso de Traballo Social e Xerontoloxía que celebraron esta organización e o Colexio Oficial de Traballo Social (COTSG) en Santiago, tamén alertou de que o edadismo é unha discriminación que pasa inadvertida e que é necesario erradicar. “É un estereotipo moi difícil de identificar pola súa gran aceptación social, falta de definición en relación á estereotipia da linguaxe e a ausencia de ferramentas de medición apropiadas e, con todo, é sumamente grave, xa forma unha

imaxe social e cultural moi distorsionada das persoas maiores”, dixo. A discriminación por idade deriva na supresión dos dereitos máis básicos das persoas maiores, na “xustificación e utilización de malas prácticas” e mesmo en malos “tratos á súa atención”. Para desterrar estas falsas concepcións, entre as que se atopa a identificación de vellez con enfermidade, asegurou que é necesario identificalas, analízalas e coñecelas. Pérez Martín tamén se referiu ao suposto desinterese pola sexualidade que se atribúe ás persoas maiores, un dos prexuízos máis estendidos, no que ademais existe unha dobre dimensión. “Por unha banda, suponse que na vellez desaparece todo interese pola sexualidade, unha falacia, pero ademais, refírese á sexualidade nos maiores como algo perverso”, indicou.

Segundo o BNG, o goberno redondelán promociona os refugallos



Recordan que durante anos construíron en Mañó, un vertedoiro ilegal con todo tipo de restos de obras, tubaxes, produtos contaminantes, aterros. Entornos como os dos ríos Pexegueiro e Maceiras, sufren a deixadez municipal. “Non se pode eliminar o que se está a potenciar”. Deste xeito tan claro e conciso denuncian a pasividade coa que actúa o goberno de Javier Bas, no control de verquidos e refugallos. Consideran que non existe unha verdadeira política medioambiental neste eido, “por que non entra dentro das súas prioridades de actuación”. Denuncian como o goberno municipal foi quen primeiro iniciou a “política de botar os refugallos, onde ninguén os vexa, sen ningún tipo de tratamento”. Fan fincapé dende a organización nacionalista, como durante anos converteron os terreos municipais a carón do cemiterio de Mañó, “nun auténtico vertedoiro ilegal, actuando impunemente, sen ningún tipo de respecto medioambiental”.

A situación agrabouse ao recuperar algúns camiños veciñais con restos de obras, ás que posteriormente se lles votaba unha capa de xabre, cemento, ou asfalto, cos que se agochaba o problema. Nas últimas semanas “o fomento deste tipo de refugallos de obras, trasladouse a un espazo tan sensíbel como o entorno da Marisma, no río Pexegueiro”. Os restos de cemento, e asfalto levantado polas obras da Deputación na construción do complexo deportivo amontoáronse nesta zoa. O único que se fixo foi botar unha capa de terra por riba. “O goberno municipal de Redondela, no canto de forzar á recollida destes restos e ao seu tratamento, actuou con pasividade”. Recordan como as riadas do pasado inverno, tamén destaparon o uso de restos de obras e refugallos na senda do Maceiras. Por todo isto consideran dende o BNG que esta campaña unicamente se trata “dunha cortina de fume. O goberno de Javier Bas, é quen primeiro fomenta este tipo de verquidos incontrolados”.



GASTRONOMÍA GALEGA

EN MADRID

MONTALOYA
 Restaurante
 Cocina Gallega
 Calle de Toledo, 19
 28005 Madrid
 Tel: 91 461 43 971
 www.restaurantemontaloya.es

CANTALEJO
 RESTAURANTE - CERVECERÍA
 C/ TOLEDO, 48 - 28005 Madrid
 Tel.: 913 661 302

PEPITA PULGARCITA
 www.pepitapulgarcita.es

MADRID
 Pza. Manuel Becerra, 17
 28026 Madrid | Tel. 91 805 25 38
 pepitaMadrid@pepitapulgarcita.es

MURCIA
 Pza. Balboa, 3
 30001 Murcia | Tel. 968 997 050
 info@pepitapulgarcitamurcia.com
 www.pepitapulgarcitamurcia.com

VALENCIA
 Avda de las Cortes Valencianas, 20
 46010 Valencia | Tel. 960 041 705
 pepitaValencia@pepitapulgarcita.es

RESTAURANTE CERVECERÍA
 Cocina Gallega

Orlando Cives Campos
 GERENTE

BODAS, EVENTOS Y CATERING
 RESERVAS: 91 364 00 27 - 91 366 54 66
 FAX: 91 364 50 64 Toledo, 19
 MOV: 64 64 836 31 28005 Madrid
 orlandoriazor@hotmail.com

La Parrilla del Embarcadero

José Antonio Tomé

- COMIDAS DE EMPRESA
- COMIDAS A LA CARTA
- CUMPLEAÑOS
- BAUTIZOS
- COMUNIONES, ETC.

LAGO DE LA CASA DE CAMPO, SIN
 TELÉFONO DE RESERVAS
 91 483 10 24
 info@laparrilladelembarsadero.es

ARCADÉ
 Cocina Gallega

Cervecería
 Restaurante
 Marisquería

Especialidad en Cocina Gallega y Carnes a la Parrilla

C/ MAYOR, 73 - 28013 MADRID
 Telf.: 914 314 083

info@restaurantearcade.es
 www.restaurantearcade.es

Padrón
 Restaurante

C/ San Bernardo N° 58
 Tfn.: 91 704 52 53
 28015 - Madrid

Facebook: EL PADRON
 elpadronsentemardo58@gmail.com

el camarote

RESTAURANTE

Pza. Puerta de Moros, 8
 28005 Madrid
 Tel. 913 483 920

CERVECERÍA - RESTAURANTE
La Parrilla de Galicia
 Plaza Tirso de Molina, 7
 28012 - Madrid
 91 369 02 40 - 91 429 37 63 - 91 429 50 30
 646 483 631

Restaurante Cervecería
O' Faro Finisterre
 Especialidad Cocina Gallega

ANDRÉS SAIZ

C/ Jacarandares, 15, 28013, Madrid
 Reservas: 91 547 42 40
 www.farofinisterre.com

CERVECERÍA
SAN MILLÁN

Benigno Cives
 Movil: 620 535 298
 www.cerveceriasanmillan.es
 info@cerveceriasanmillan.es

C/ Toledo N°61
 28005 Madrid
 Tfn.: 91 354 69 84



Galicia

PORRIÑO

Programa de actividades da Biblioteca Municipal durante o ano 2016

A Biblioteca Municipal do Porriño ven de poñer en marcha a súa programación anual que persigue o obxectivo de converterse nun espazo de aprendizaxe, encontro e inserción social. Tendo presente esta finalidade, o Programa de Actividades trata de Fomentar o uso da Biblioteca por parte de distintos sectores da poboación, a través dunha proposta dirixida a usuarios de distintos tramos de idade (infantil, xuvenil, adulta), diferentes niveis de formación e diversos intereses culturais. Todo elo está destiñado a fomentar, tanto na poboación infantil como na adulta, a formación de hábitos lectores estables; formar no uso das novas tecnoloxías e favorecer a convivencia, a participación e a autonomía dos veciños.

As persoas interesadas en participar en actividades que precisen inscrición previa poden realizala de xeito presencial na Biblioteca. As actividades son gratuítas e as prazas cóbreense por orde de inscrición, tendo preferencia as persoas empadroadas no Porriño.

O programa ata finais deste 2016 abrangue o Ciclo de charlas **"Mulleres científicas"** (todos os públicos), os días, 3, 7 e 8 deste mes, coa participación das doutoras Africa González Fernández (catedrática de Inmunoloxía e directora do Centro de Investigacións Biomédicas da Universidade de Vigo), Carmen García Mateo (catedrática de Inxeniería de Telecomu-

nicación da Universidade de Vigo e investigadora do Centro

Todos os martes ás 10 horas). Formación no uso das TIC

'Clube de lectura de adulto' (poboación adulta. Luns alter-



de investigación AtlantTIC) e Ana Ulla Miguel (Profesora Titular da Área de Astronomía e Astrofísica da Universidade de Vigo, especialista nas fases máis avanzadas da evolución estelar e nas oscilacións estelares).

'Lúa ConLuvas' é unha actividade de animación á lectura que se entende como unha proposta didáctica: esta personaxe de animación, que vai máis alá do que coñecemos como "contagatos", é unha exploradora e viaxeira que vive na Biblioteca Municipal do Porriño.

'Obradoiros de Alfabetización dixital' (poboación adulta.

para persoas adultas sen ningún ou escaso coñecemento sobre o uso do ordenador e de internet.

'Clube de lectura infantil' (Poboación de 8 a 12 anos. Venres alternos), unha actividade encamiñada a que os nenos atopen nos libros o instrumento de desfrute que os anime a ler cada día. Empregaranse actividades, xogos, manualidades, relacionadas coa lectura programada para conseguir aumentar a súa comprensión lectora e, ao mesmo tempo, que se divirtan co seu libro. A biblioteca facilita un exemplar do libro programado a cada participante para que o lea na casa.

nos), Actividade consistente na formación dun grupo de lectores adultos que se reúnen periodicamente na Biblioteca co fin de comentar e intercambiar opinións sobre os libros. A biblioteca facilita un exemplar do libro programado a cada participante para que o lea na casa.

'Grupos de conversación en inglés' (poboación adulta. Martes de marzo, maio, outubro, novembro): grupos guiados para practicar inglés de conversación entre poboación adulta cun nivel medio/alto de inglés oral. **'Obradoiro de escritura creativa'**, impartido polo escritor Francisco Castro (poboación

adulta. Martes de abril): obradoiro intensivo de iniciación á escritura centrada no desenvolvemento da creatividade, a experimentación literaria e o pracer de escribir.

'Obradoiro de Iniciación á Fotografía dixital' (poboación adulta. Venres alternos de Abril e Maio): que pretende dar a coñecer o funcionamento básico dunha cámara réflex e aprender o manexo dunha aplicación informática para realizar revelado dixital. Safari fotográfico e exposición do traballos realizados (poboación adulta. Xuño) e Actividade complementaria do Obradoiro de Iniciación á Fotografía dixital na que os participantes saen coas súas cámaras a retratar o entorno da Biblioteca Municipal do Porriño. Unha vez reveladas e seleccionadas, presentaranse nunha exposición colectiva na propia Biblioteca.

'Recital de poesía "A hostia en verso"'. Poetas da hostia (IES do Porriño. Luns 24 outubro); **'Obradoiro de Ciencia'** (poboación infantil, venres 18 de novembro), que se fai coincidir co 'Mes da Ciencia'.

'A Hora do Código' (poboación xuvenil, martes 13 de decembro), introducción dunha hora ás ciencias da computación para amosar que todo o mundo pode aprender a programar. A Hora do Código é un 'movemento global' que chega a máis de 180 países para achegar a programación informática de xeito natural e simple. A organización está a cargo de code.org, entidade sen fin de lucro.

O BNG do Porriño leva a cabo diferentes accións con motivo do Día Internacional contra a Violencia Machista

Visibilizar, denunciar e erradicar a violencia machista en todas as súas formas e en todos os ámbitos é un dos retos máis importantes que temos como sociedade para construímos a Galiza do futuro, onde a igualdade sexa unha realidade.

Ante a gravidade do problema da Violencia Machista consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que sirva de base para a elaboración dun Estatuto de Vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste pro-



blema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social á muller así como na prevención e na educación da sociedade a este respecto.

Por este motivo, o BNG do Porriño presentou no Pleno Municipal a moción coa que reclama ao goberno do Estado "a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio". Nesta moción

tamén se insta á Xunta "a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e á rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres".

Este martes tivo lugar un reparto de información relativa á campaña "365 Días Contra Todas as Violencias" polas rúas do Porriño. O bng anima a toda veciñanza a participar, o vindeiro venres ás 20:00h. diante do concello, na concentración silenciosa convocada polo goberno municipal.

PORRIÑO

Seminario Internacional sobre Turismo e Relacións Comerciais

García de la Torre aposta polo potencial económico, industrial e turístico do Porriño ante representantes de China, India, Bosnia, Romanía ou Tailandia

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, inaugurou este martes o seminario 'Turismo e relacións comerciais con Europa do Leste e Asia. Retos e oportunidades', organizado polo Concello en colaboración co IES Ribeira do Louro.

Logo de dar a benvinda aos asistentes, a alcaldesa lembrou que O Porriño é un dos principais núcleos industriais de Galicia, "onde conviven industrias tradicionais, coma a produción do pan, con sectores á vangarda do desenvolvemento tecnolóxico, coma a automoción, a industria farmacéutica ou as biotecnoloxías". García de la Torre subliñou que dos seis centros tecnolóxicos de referencia de Galicia, dous están no Porriño, "AIMEN, especializado en investigación metalúrxica, e o CTAG, o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia, ademais, a nosa vila é a sede do Clúster do Granito, que lidera a produción do sector en España".

A alcaldesa salientou que no que se refire ao Turismo, O Porriño contan con grandes posibilidades no "Turismo Medioambiental, con lugares coma As Gándaras, a Serra do Galiñeiro e todo o patrimonio natural das súas parroquias; o Turismo Deportivo, un eido no que o noso



concello é unha referencia, o Turismo Cultural, tendo como oferta máis coñecida o Festival de Cine de Cans, ao que hai que sumar o Camiño de Santiago, que pasa por O Porriño ou as iniciativas para difundir o legado dun arquitecto universal: Antonio Palacios, e por último, o Turismo Gastronómico e Festivo, cunha ampla oferta: agora mesmo O Pinchorriño, a A Festa dos Callos ou Porrigalia".

O seminario, ao que acudiron dúas persoas que ateigaron

o salón de actos do Centro Cultural, debatéronse as posibilidades de relacións comerciais entre Galicia, en xeral, e O Porriño, en particular, e varios dos países representados no mesmo, como China, India, Albania, Romanía, Bosnia-Herzegovina ou Tailandia, tanto en produtos coma en servizos.

Durante todo o día, profesores e alumnos universitarios, de Formación Profesional, ademais de representantes de empresas e organización empresariais, inter-

cambiaron información neste eido e compartiron experiencias nos seus respectivos campos.

O seminario, o primeiro desta importancia que se organiza no Porriño, contou coa asistencia de especialistas nacionais e internacionais, coma o profesor Nag Tithakar, do International Management Institute de Kolkata, capital del estado indio de Bengala Occidental; o doutor Gazmend Zeneli, xefe do Departamento de Empresa, Xestión e Turismo da Universidade Marin

Barleti de Tirada, en Albania; o profesor Lutvo Haznaderevic, da Universidade Logos Centrar Mostar, en Bosnia-Herzegovina; a profesora Cristina Nicolau, da Transilvania University Brasov, de Romanía; o profesor Wutthichula Khunpatwattana, da Payap University, en Chiang Mai, en Tailandia; e os especialistas Yixin Wang, de Turismo de China, Sanda Constantin, da Universidade de Brasov, en Romanía, o profesor Hamza Seho-vic, do Center for Business Studiesm de Kiseljak, en Bosnia-Herzegovina, Altin Idrizi, vice-reitor de Relacións Internacionais da Universidade de Elbaan, en Albania, e o doutor indio Arindam Banik, do International Management Institute de Kolkata.


Ademais interviron o profesor Antón Álvarez Sousa, da Universidade de A Coruña, Amador Ordóñez, do IES Ribeira do Louro, profesor de Comercio Internacional e Coordinador de Proxectos Europeos; José Manuel Fernández, presidente da Asociación de Hostaleiros do Porriño; David Sobra, secretario xeral da Federación Galega de Parques Empresariais; José Ángel Lorenzo, xerente do Clúster do Granito de Galicia e Fernando Godoy Maceira, xerente de Mármoles e Granitos Godoy Maceira S.L.

Actuación de 'Lembranzas Moañeas' dentro da programación 'Outono Cultural'

O grupo de música tradicional e folclórica Lembranzas Moañesas ofrecerá o vindeiro venres, día 2 de decembro- 7 e media da tarde no Centro Cultural Municipal- unha actuación dentro do Programa Outono Cultural do Concello do Porriño. Este conxunto, que ten un amplo repertorio de cancións mariñeiras, boleros e habaneiras, ofrecerá parte do mesmo e dos seus últimos traballos, 'Ou Merlo' e 'Sarima'.

Lembranzas Moañesas formouse hai xa nove anos na Parroquia de Tirán. Está composto por dez voces de homes, que cantan acompañados polo son de catro guitarras, dúas bandurras e unhas congas, que cadran per-

fectamente, ademais de co seu catálogo habitual de cancións, cos pasodobres e a música folk galega.



Novas da Raia

PONTEAREAS

Ponteareas NP o PP acusa ao alcalde de provocador e mentirán

O concelleiro do Partido Popular de Ponteareas, Domingo Freitas Dalmeida, acusa ao alcalde de provocador e mentirán



Os concelleiros do Partido Popular de Ponteareas consideran que o Alcalde foi o único responsable e quen provocou coas súas mentiras e falsidades o desenlace do Pleno Ordinario do pasado día 15, isto fixo que o concelleiro popular dixera que o que estaba a dicir o alcalde que era mentira.

O que interpretan os populares, é que Xosé Represas quixo evadir e retrasar a contestación ás preguntas formuladas pola oposición, empregando como argucia a provocación e mentindo descaradamente, o que provocou a indignación do concelleiro popular, deste xeito, o alcalde ao levantar o Pleno, retrasa un mes, ata

o pleno de decembro, para dar resposta á oposición nun tema tan delicado como distintas cuestións relativas á revisión do contrato da recollida do lixo e así non ser escravo das súas propias respostas.

Durante o receso do Pleno, o concelleiro do PP achegouse ao alcalde pedíndolle desculpas polas súas manifestacións para evitar a súa suspensión. Ao reinicio do Pleno, o alcalde non mudou de criterio suspendendo o Pleno.

O concelleiro do PP tacha de irresponsable e de ditador ao alcalde Xosé Represas pola súa actitude intolerante e intransigente moi ao contrario da súa forma de actuar cando el estaba na oposición que en numerosas veces foi responsable e participe de moitas disputas dialécticas durante o transcurso de moitos plenos, nos que reiteradamente, faltaba ao respecto ao anterior alcalde, González Solla, e actuando cun comportamento reprochable.

Freitas quere deixar claro que el é un home recto, que lle gusta ir de fronte, coa verdade por diante, e non consinte as mentiras, que por moi altas que se digan, non deixan de ser mentiras; ademais manifesta que el nunca lle mentiu aos veciños de Ponteareas, non como Xosé Represas que enganou aos veciños vendéndolles preferentes, e non o di Domingo Freitas, senón que foron afirmacións da tenente de alcalde, Chus Garrote e doutros directivos do PSOE ponteareán, vertidas na prensa (R. Tébar: 19/04/15, Europa Press do 23 de maio de 2015), así pois, este indigno alcalde, para un pobo como o de Ponteareas, a día de hoxe, non lle pediu desculpas aos veciños que estafou.

Para rematar, Freitas tamén manifesta que se sente humillado, xa que non entende por que o señor alcalde non acatou unha situación propia do debate político, ademais, despois de 17 anos como concelleiro, nunca fora advertido nin expulsado dun Pleno.

Ponteareas solicita a adhesión ao servizo de administración electrónica da Deputación

Ten a intención de implantala xa en 2017 e completar o seu desenvolvemento a través da estratexia DUSI



O Concello de Ponteareas fixo chegar á Deputación de Pontevedra a súa solicitude para adherirse ao servizo de administración electrónica que ofrece o ente provincial aos concellos. O Goberno local ten a pretensión de implantar a sede electrónica no Concello, coa dotación dun rexistro electrónico e portal do cidadán, entre outras ferramentas, no 2017. Desta maneira, o Concello accedería de balde nos seus primeiros anos de funcionamento a unha solución para dar cumprimento da nova lei de Procedemento Administrativo.

O plan do Goberno local vai alén desta medida e medita completar o desenvolvemento da administración electrónica a través das liñas estratéxicas do DUSI "Hábitat Saudable".

"Con máis de 23.000 habitantes, Ponteareas precisa dun novo sistema adaptado aos tempos. É a nosa prioridade modernizar o sistema para acercar a administración cara a veciñanza e, por tanto, desenvolver un dereito tan básico como o acceso en igualdade de condicións á administración.", explica o edil de Novas Tecnoloxías, Benito Márquez.

"Ponteareas no Tempo" de fotos antigas

Recuperar a memoria colectiva a través das imaxes antigas e mostralas nos espazos públicos é un dos obxectivos do goberno local para por en valor o patrimonio cultural e o legado dos nosos antepasados. As fotografías, as imaxes antigas, en xeral, describen como eran as persoas e o modo de vida de Ponteareas no pasado.

Proposta aprobada no Pleno do mes de setembro, no pasado novembro Ponteareas abriu a primeira exposición de fotos antigas "Ponteareas no tempo", durante o mes de novembro nos escaparates de máis de medio cento de comercios e locais de hostalería da Praza Maior e das rúas, Oriente,

Esperanza, Morales Hidalgo e primeiro tramo de Vidales Tomé. No futuro, o Goberno local prevé ampliar as mostras de fotos históricas ao comercio e hostalería de todo o núcleo urbano e colaborar con todas as casas culturais das parroquias na recuperación da memoria

Realizáronse 8 paneis expostos nunha carpa da praza Maior e no Auditorio Municipal dun total de 18 fotos de gran tamaño.

O Goberno local quere agradecer a colaboración de Foto Souto pola súa contribución ao éxito desta iniciativa coa aportación de fotografías e a implicación na organización da mesma.



PONTERAEAS

Escrito de dimisión de Mario Lago, como concelleiro



Concelleiro no Goberno, co meu traballo na industria da automoción, é, cando menos, difícil. Debe levarnos isto, talvez, a reflexionar, unha vez máis, sobre as medidas que levamos a cabo con respecto a conciliación da vida familiar e laboral e o acceso e exercicio efectivo da política, do servizo ao ben común, un dereito fundamental para os cidadáns. Fica, con todo, este debate para outro momento. Segundo, moveume a dar este paso por mor dun dilema moral, de principios. Quero con esta acción manifestar a miña profunda discrepancia, como un xesto de normalidade democrática, coa dirección errática que está a levar o PSOE nestes tempos, o partido e siglas baixo ás que me presente con orgullo nas eleccións municipais de 2015. Eu, militante de base, ao fin e o cabo, síntome traizoado pola posición de abstención do PSOE no Congreso dos Deputados, a excepción dos 15 deputados que votaron NON a Rajoy e as súas políticas, NON ao PP e a súa corrupción, aos que, desde aquí, lles mostro a miña máis enérxica solidariedade e afecto, ante as represalias e sancións que están a sufrir, coñecidas por todas e todos. Quero agradecer aos membros do Goberno o seu traballo. A Bieito, a Vanesa, a Chus, a Pepe, a Pan-

cho, a Verónica, a Cristina, a Hortensia, a Manolo. Grazas. Quero deixar claro e certo, aquí, neste punto, o meu apoio e lealdade ao Goberno local de Ponteareas, presidido por Xosé Represas, que, en ningún momento, tratei de erosionar. Se así puido parecer, pido desculpas. Reitero, de feito, o meu apoio ao pacto de Goberno asinado en xuño de 2015. Un proxecto, que opino, é aínda hoxe esperanzador para Ponteareas, e xa que logo está a dar os seus froitos. Antes de marchar, quero agradecer tamén o labor que están a facer as traballadoras e traballadores municipais que, directa ou indirectamente, colaboraron en tarefas da Concellería de Comercio, Hostalería e Consumo. Foi unha honra. Quero incidir aquí na reivindicación máis antiga da esquerda: traballo digno para elas e eles, porque non se normalicen os salarios precarios e contratos temporais na administración pública, para que haxa unha Administración Pública con emprego de calidade e estable, da que nos poidamos sentir todas e todos orgullosas e orgullosos. Por iso, compañeiras e compañeiros, veciñas e veciños, debemos aínda hoxe, máis que nunca, loitar. Grazas, e até sempre.

O Pleno aproba modificar a praza de Técnico de Intervención e o orzamento para contabilizar débedas anteriores a 2012

O primeiro punto da orde do día do pleno extraordinario do pasado mércores 30 de novembro foi a proposta do Goberno local dunha nova modificación orzamentaria de crédito por importe de 650.000 euros destinado ao pago do investimento da ETAP, débeda do ano 2010 que o anterior goberno deixara sen pagar e por lado o recoñecemento de débedas con acredores anteriores a 2011, facturas que tampouco estaban contabilizadas aínda que si foran pagadas por Facenda en 2012 e descontadas co embargo dos ingresos mensuais que Ponteareas percibe do Estado. No segundo punto, o Pleno rexeito as alegacións presentadas

ao acordo de aprobación inicial de modificación das retribucións da praza de Técnico de Intervención. Deste xeito quedou aprobada a proposta do Goberno local para que esta praza conte cunhas condicións económicas similares a outros Concellos da categoría de Ponteareas. O goberno local xustificou no Pleno a urxencia de tomar esta decisión por estar vacante dende hai máis de tres anos a praza de Interventor, e resultar imprescindible para a xestión económica do Concello e as axudas dos cinco millóns de euros de fondos europeos logrados recentemente. O goberno aclara que nos 42.000 euros de custe anual desta praza está incluída a seguridade social

polo que o salario bruto desta praza é inferior nun 30%. “Toda a Corporación manifestou que é fundamental cubrir esta praza pero a pesares de ser creada en 2010 dende aquela está vacante” manifestou o alcalde Xosé Represas que xustifica o incremento de custe económico na responsabilidade e adicación que terá que asumir pola ausencia de Interventor titular. O último asunto que tratou o Pleno da Corporación foi a dimisión do edil do PSdeG-PSOE, Mario Lago, ata agora concelleiro de Comercio, Hostalería e Consumo, estas áreas de goberno foron asumidas temporalmente pola Primeira Tenente de alcalde, María Jesús Garrote.

BNG, PSOE e ARDT impoñen o salario do futuro técnico de intervención coa oposición do resto da corporación

Aproveitando a ausencia dun concelleiro de acip e utilizando o voto de calidade do alcalde Manifestan que o diálogo cos sindicatos "non é obrigatorio"



Segundo Esquerda Unida local a Xunta de Goberno de Ponteareas rexeitou no pleno do pasado día 30 as alegacións á modificación das retribucións do posto de técnico de intervención. Na Comisión Informativa do día anterior acordárase que non fora a Pleno. Aproveitando a ausencia dun concelleiro de ACIP introduciuse como asunto urxente na orde do día utilizando o voto de calidade do alcalde. Esta mesma situación deuse tamén en maio, onde aprobaron o acordo inicial grazas á ausencia dunha concelleira tamén de ACIP. ESQUERDA UNIDA non está en contra de que se cubra esta praza, pero reclaman que esta fora convocada tal e coma estaba reflectida no cadro de persoal do Concello. A proposta, aprobada co voto en contra de EU-son, supón un aumento do custe anual da praza de 9.915€ pasando dos 32.111€ a 42.026€, con varias irregularidades: informe desfavorable da Secretaría municipal; o informe de Intervención advirte sobre a falta de xustificación da proposta; a proposta presentada no pleno do 30 de novembro é distinta á aprobada inicialmente en maio, polo que ao tratarse dunha pro-

posta diferente correspondería avaliar a aprobación inicial da mesma e non a aprobación definitiva. Ante a pregunta de se a Mesa Xeral de Negociación, da que forman parte os representantes dos traballadores do Concello, fora informada sobre esta modificación, dende a alcaldía manifestaron que isto "non é obrigatorio", feito co que dende a Xunta de Goberno manifestan un claro desprezo pola parte sindical e unha manifesta falta de vontade de diálogo. Como xustificación a Xunta de Goberno presentou un suposto Informe Técnico-Xurídico, da empresa contratada para a elaboración da RPT, que expón “estamodificación faise “unha vez examinada a documentación entregada”, o que máis máis ben parece un informe á carta. ESQUERDA UNIDA ten claro que hai que darlle solución ás retribucións reflectidas no Cadro de Persoal, pero que isto debe facerse dunha maneira global, para todo o persoal laboral e funcionariado do Concello, non soamente nunha praza e a criterio da Xunta de Goberno. Deste xeito, a xuízo de Esquerda Unida, a Xunta de Goberno favorece uns postos en prexuízo de outros.

Novas da Raia

PONTEAREAS

ACiP denuncia que as listas de sustitución aprobadas polo goberno na xunta de goberno, e que se estan tramitando, incumplen os principios constitucionales de igualdade, meritos e capacidade



O grupo municipal de ACiP, a través do seu portavoz Juan Carlos Gonzalez Carrera, ven de denunciar o incumprimento de algo tan básico como son os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade nas bases que o Goberno Municipal aprobou na Xunta do pasado día 26 de setembro e que remataron a fase de presentación de solicitudes o pasado luns. É curioso que na propia Xunta de Goberno

se presentasen a aprobación unhas bases sen ningún tipo de informe da secretaria municipal nin do asesor xurídico polo que a aprobación das mesmas incumpre o principio constitucional de igualdade así como o Estatuto Básico do empregado Público. Entre as prazas incluídas en ditas bases e que incumpren o dereito constitucional, atopase a de Peón grumir, camareira - limpadora e axudante de cociña.

En ditas prazas, a parte da titulación requirida (que é correcto) tamén se pide un mínimo de seis meses de experiencia o que incumpre a lei o ser un requisito que o goberno cataloga como imprescindible incumprindo o principio de igualdade para presentarse a praza.

É curioso que incumpra a lei un goberno que presume de esquerdas aínda que se salta a lei a o seu antollo cando durante os máis de 18 meses que levan no goberno esta facendo substitucións de estas prazas a través de convocatorias no INEM e non piden ese requisito pois saben de sobra que o inen no entraría nese tipo de ilegalidades.

Desde ACiP esiximos ao Concelleiro de persoal deste Goberno Municipal, pertencente ao grupo do BNG, que anule este proceso e que abra un novo para que os veciños poidan anotarse en ditas listas de substitucións en igualdade de condicións, xa que o proceso anterior moitos quedaron fora y outros non se anotaron nas mesmas a non ter experiencia. Ningún veciño pode acceder as mesmas a no ter experiencia.

De esta maneira o goberno impide a todo o que solicite a poder traballar no Concello. Desde ACiP nos preguntamos como vai ter experiencia un traballador si non se lle permite acceder para collela?.

Solicitaremos un informe a secretaria Municipal para que informe de dita situación e solicitaremos a comparecencia do concelleiro de persoal no próximo pleno para que dea explicacións da ilegalidade feita polo goberno e esixiremos que se asuman responsabilidade políticas ante tal situación.

No pasado eran sempre os primeiros en falar de igualdade, mérito e capacidade en cada proceso convocado, chegando incluso a denunciálo xuridicamente. Por que agora para eles vale?

Invitamos a todas as persoas que non puideron presentarse a ditas prazas a a que fagan unha reclamación no Concello para que anulen dito proceso e se abra outro que cumpra os principios de igualdade, méritos e capacidade de calquera traballador para acceder a un posto de traballo no Concello

Ponteareas convocará un concurso para seleccionar o cartel do Corpus 2017

O Goberno local fixo unha primeira xuntanza cos alfombristas para iniciar a preparación do Corpus 2017

Ficou aprobado por consenso, por primeira vez, un regulamento e un representante dos alfombristas para participar na Asociación Internacional de Arte Efémera

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de Cultura, Hortensia



Bautista, mantiveron esta semana no Salón de Plenos unha xuntanza cos representantes dos alfombristas das rúas e tramos alfombrados co fin de dar os primeiros pasos na organización do Corpus 2017, aprobar o primeiro regulamento e escoller o alfombrista que represente a Ponteareas na Asociación Internacional de Arte Efémera.

Escolleuse a Miguel Novoa por selo do primeiro tramo alfombrado, acordando que cada ano ostentará esta representación un de cada rúa ou tramo alfombrado, de forma correlativa. A participación de Ponteareas nesta asociación conta con todo o apoio do Goberno local. Un dos seus principais labores será acompañar aos alfombristas nos actos internacionais e de promoción exterior do Corpus.

Concurso de carteis

Unha das novidades para 2017 co obxectivo de iniciar de inmediato a difusión do Corpus é a creación dunha convocatoria dun concurso de carteis da festa máis internacional de Ponteareas. Os alfombristas consideraron positiva a proposta do Goberno. Dáse comezo con esta iniciativa á difusión da festa das alfombras do Corpus Christi de Ponteareas de antemán para procurar unha maior repercusión no 2017.

A Concellería de Comercio poderá facer un seguimento completo dos mercados ambulantes e praza de abastos

Porá a disposición da Policía Local unha tablet para traballar coa nova aplicación



Tantos axentes como o departamento administrativo da Concellería de Comercio poderán facer un seguimento completo dos mercados de Ponteareas: controlar as licencias de venda, asiduidade dos comerciantes, identificar aos vendedores, anotar infraccións, tomar fotos de probas, ter un plano do mercado detallado a man, recibir avisos sobre a caducidade e renovación de documentos obrigatorios para exercer adecuadamente a súa actividade, entre outras aplicacións, mediante un dispositivo dixital (PDA).

A medida levada a cabo pola Concellería de Comercio coa colaboración da Policía Local vai encamiñada a aplicar unha modernización tanto da Praza de Abastos coma dos mercados ambulantes. Con esta iniciativa será máis sinxelo o seguimento, control e planificación da xestión dos postos por parte da administración municipal.

PONTAREAS

Xornadas para recuperación da memoria histórica e política das persoas represaliadas en 1936 ao cumprirse os 80 anos



■ Presentación libro de Román Alonso

Ponteareas celebrou os pasados días 25, 26 e 27 unha serie de actos para a recuperación da memoria histórica e, ao mesmo tempo, en homenaxe aos represaliados/as polo réxime franquista a partir do golpe de estado do 18 de xullo de 1936. Dentro dos actos tamén se recoñeceu a última Corporación Municipal democrática da etapa da II República.

Neste ano 2016, cúmprense 80 anos do golpe de estado de Francisco Franco e do inicio da represión e do terror do fascismo. Con este motivo, o Concello de Ponteareas quixo recuperar a memoria histórica e política dos homes e mulleres silenciadas e esquecidas durante décadas, persoas que

sufriron a represión nos distintos lugares do concello, “queremos celebrar os valores que defendían, que hoxe sigue sendo necesario defender, as liberdades e os dereitos sociais,” afirmou Hortensia Bautista, concelleira de Cultura quen engadiu, “ademais deste actos debemos homenaxearlos na nosa vida diaria, na nosa actividade política, defendendo o mesmo polo que moitos morreron”.

O Goberno local contactou con varios dos familiares dos represaliados dos que se dispoñen datos, mais tamén fixo un chamamento de colaboración veciñal para localizar a máis descendentes, especialmente daqueles que foron brutalmente asasinados, como o

fuxido Manuel González (Fresco), político socialista vigués, afincado en Areas no 1936 ou Bernardo Muíños, taxista de Ponteareas.

Foron homenaxeados os membros da Corporación de 1936 coma o alcalde Benito Casanovas Rodríguez, o 1º tenente alcalde, Manuel Pino Lago, o 2º tenente alcalde Gabino Castro Estévez, o 3º tenente alcalde Ramón Troncoso Fernández, o 4º tenente alcalde José Sampedro Presa, o síndico José Garra Castellanzuelo e o resto de concelleiros Hermínio González Covelo, Luís Rodríguez Carballo, Francisco Castro Álvarez, Manuel Bautista Táboas, Benito Lorenzo Porto, José Trigo Ucha, Francisco Carballido Pino e José Amil Varela. As persoas que coñezan datos poden poñerse en

contacto co número de teléfono 986 660 765

Con estes actos deuse cumprimento a unha parte dos acordos aprobados no pasado pleno do 15 de novembro no que se aprobou por unanimidade unha moción do BNG cunha emenda de engadido de EU

Os actos comezaron o venres a partir das 20:00 horas no Salón de Plenos, coa proxección da película documental “Digna Rabia”, realizada por Anxo Rodríguez Gallardo e Victoria Martíns Rodríguez, que se centra no papel da muller durante o golpe de Estado e o franquismo. Posteriormente tivo lugar un coloquio coa participación da codirectora, Victoria Martíns, e de varias veciñas de Ponteareas que relataron a súa experiencia.



■ Actuación de Kiko Neves



■ Presentación de Pancho Candeira e Roberto Mera.

O sábado comezaron as actividades ás 19:30 h. coa presentación do libro “Saltando a Raia”, de Román Alonso Santos, na que participou o autor e o prologoísta do libro Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega da Lingua, así como Guillermo Rodríguez Fdez. en representación da empresa editora Editorial Novas do Eixo Atlántico s. L.

De seguido, tivo lugar un acto no que se tratou de poñer rostro aos represaliados coa intervención de Francisco Candeira para falar dos membros da Corporación Municipal de 1936. De seguido entrevistou Roberto Mera para expoñer o caso de Alejandro Viana Esperón, industrial e político ponteareán seguido da intervención de Kiko Neves que

Novas da Raia



■ Acto da colocación dunha praca na Volta dos Foxos (Xinzo) onde apareceron os cadáveres asasinados polos falanxistas no ano 1936. Na foto vese un chapéu semellante ao que acostumbraba usar Herminio González Covelo; único dos mortos que pertencía a Ponteareas; era concelleiro.

protagonizou un acto poético-musical..

O domingo pola mañán celebrouse un acto institucional de homenaxe aos fusilados e represaliados pola Dictadura nas Voltas do Pinal do Foxo (Xinzo), lugar no que, entre outros, foi fusilado o 31 de outubro de 1936 o concelleiro Herminio González Covelo. O acto consistiu na descuberta dunha placa conmemorativa e na interpretación, por parte dun grupo de metais e percusión, da obra "Oración fúnebre", escrita por Rogelio Groba a petición de Ponteareas e "dedicada aos paseados que atopei arrombados nunha gabiá cando tiña seis anos" na estrada de areas a Guláns.

Os anos da guerra civil foron especialmente violentos en Galicia, materializándose co asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, violacións, malleiras, rapado de cabelo, inxestión de óleo de rícino, etc. Unha represión que se exerceu con carácter especialmente violento e machista no caso das mulleres.

III Concurso Lemas contra a Violencia de Xénero

“Latente, pero oculta. Está crescendo. Aínda fráxil, mais xa se sabe defender. Entón independízase. É o momento de actuar. EMPODÉRATE”

GABRIEL BERNÁRDEZ EXPÓSITO
Grao en Dereito
Campus de Santiago



A Universidade de Santiago de Compostela realizou o 25 de Novembro de 2016 un acto de homenaxe, reivindicación e reflexión no marco do día contra a Violencia de Xénero. Neste evento fíxose un chamamento polas autoridades presentes en pro dunha sociedade máis xusta e igualitaria. A continuación, a dirección universitaria entregou a académicos e estudantes diversos recoñecementos polo seu traballo neste campo. Gabriel Bernárdez Expósito, estudante de 4º curso de Dereito, natural de Arbo e con raíces pa-



ternas en Angoares (Ponteareas), recibiu o recoñecemento da Universidade de Santiago de Compostela polo seu escrito en favor da evolución da conciencia e a independencia das vítimas de Violencia de Xénero. Así pois, foi galardoado nun ambiente emotivo e solenne no Salón de Graos do Reitorado da Universidade.

Lema premiado:

"Latente, pero oculta. Está crescendo. Aínda fráxil, mais xa se sabe defender. Entón independízase. É o momento de actuar. EMPODÉRATE."

AS NEVES

As Neves denunciou a inactividade de Fomento no Coto de Altamira

Nun acto reivindicativo celebrado hai uns días nas inmediacións do xacemento



Nos pasados meses, o Ministerio de Fomento asinaba coa Deputación de Pontevedra un protocolo de actuacións a realizar en 18 castros de toda a provincia para a súa recuperación e posta en valor. Pois ben, nas últimas semanas fíxose público o bloqueo deste protocolo por parte do Ministerio, o que supón a paralización do inicio dos traballos en xacementos arqueolóxicos coma o Coto de Altamira, situado na parroquia nevesa de Taboexa.

Traballos de extrema necesidade debido á penosa situación na que se atopan os restos castrexos de elevado valor que teñen á beira das súas casas os veciños e veciñas das Neves. Concretamente, urxen accións de limpeza e sinalización

do xacemento para a súa preservación e para facilitar o seu acceso de xeito cómodo e seguro, xa que, actualmente é moi difícil de atopar por estar tapado pola maleza.

Recollendo as palabras do alcalde, Xosé Manuel Rodríguez, no acto convocado polo Concello ao que acudiron máis dunha trintena de persoas; "Trátase dun tesouro arqueolóxico que debemos valorar e coidar, por iso solicitamos ao Ministerio de Fomento que cumpra o protocolo asinado e se faga cargo das accións de mellora precisas para o seu mantemento". Apuntan ademais dende a alcaldía, que se dende Madrid non atenden a súa petición, buscaranse outras alternativas para a preservación deste patrimonio.

As Neves contra o feminicidio

O Concello mostra o seu rexeitamento á violencia de xénero con actos reivindicativos ao longo da xornada do 25 de novembro

Pola mañá farase unha cadea de persoas e globos de 2 Km de lonxitude que se estenderá entre os centros de ensino, pasando polo Centro de Saúde e o Centro de Día. Para finalizar, darase lectura a un manifesto na Praza do Concello, ou no Auditorio Municipal en caso de chuvia.

E pola tarde, as 20:00 h, terá lugar no Auditorio unha mesa de traballo con colectivos sociais, asociacións e toda a poboación

en xeral, co fin de elaborar un Plan de Igualdade Municipal. O plan, que xa está dotado con financiamento procedente da Deputación de Pontevedra, constrúese sumando diferentes visións, opinións e perspectivas, de xeito aberto e participativo. Ademais, dende a noite do mércores 23, as lámpadas que alumean as escaleiras que baixan ao Auditorio tinguen as árbores de cor lila. Un xesto simbólico co que dende o consistorio pretenden facer visible a súa repulsa fronte ao feminicidio e a defensa da súa eliminación do concello e do Mundo.

ARBO

Curso gratuito de formación para a obtención de "competencias clave"

